RAÍGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Novembro de 2004 *nº 20*

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

DEPUTACIÓN OURENSE
CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
XOCAS

índice

páx. 5 Editorial

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

páx. 6 A cestería: "Os corozeiros"
Celso Rodríguez Cao
Francisco Boluda

páx. 20 As cubertas vexetais no noroeste peninsular
Carlos Xesús Varela Aenllo
Fco. Xosé Fernández Riestra

páx. 54 Festas e memorias populares
Mario Antonio Ortiz García

DEBUXO E PINTURA

páx. 72 Tríptico etnográfico
Héitor Picallo Fuentes

páx. 74 Os recordos
Rubén Mesa Feijóo

páx. [illegible] Na alquitara
Andrea Iglesias Fernández

LITERATURA

páx. 76 Ficarei en Lisboa
Cristalina López Rodríguez

páx: 84 Serán
Xoán Xosé García

páx: 92 Lembranza do ser
Alba Cid Fernández

FOTOGRAFÍA

páx: 94 ***Rubén Vilanova Romero***

páx: 96 ***Encarnación Osorio Montenegro***

PORTADA:
Debuxos de
Héitor Picallo
Francisco Boluda
Xosé Fernández Riestra



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Colaboración artística **Luís Cid**
Héitor Picallo

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordenan **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.**
Escola Provincial de Danzas
Colectivo Castro Floxo

Edita DEPUTACION OURENSE

Deseño e Realización infográfica **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Impresión **RODI Artes Gráficas, S.L., Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan interés en publicar artigos ou traballos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 249493
32080 - Ourense
e-mail: ***escdanza@depourense.es***
www.depourense.es

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, traducción ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

CONCURSO ETNOGRÁFICO

RAIGAME

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

Edición 2003

XURADO:
Xosé Antón Fidalgo Santamarina e Xulio Fernández Senra

1º Premio:
"A Cestería: Os Coroceiros".
Autores: Francisco Boluda e Celso Rodríguez Cao.

Edición 2004

XURADO:
Xosé Antón Fidalgo Santamarina, Afonso Vazquez-Monxardín e Francisco Xavier Limia Gardón.

1º Premio:
"As cubertas vexetais no noroeste peninsular".
Autores: Carlos Xesús Varela Aenlle e Francisco Xosé Fernández Riestra.

2º Premio:
"Festas e memorias populares".
Autor: Mario Antonio Ortiz García

DEBUXO E PINTURA

XURADO:
Xosé Cid, Soledad Blanco e Baldomero Moreiras

1º Premio:
"Tríptico Etnográfico".
Autor: Héitor Picallo.

2º Premio:
"Os Recordos".
Autor: Rubén Mesa Feijóo.

Menores de 16 anos:
"Na Alquitara".
Autora: Andrea Iglesias Fernández.

LITERATURA

XURADO:
Lalo Pavón, Antonio Piñeiro e José María Rodríguez

1º Premio:
"Ficarei en Lisboa".
Autora: Cristalina López Rodríguez.

2º Premio:
"Serán".
Autor: Xoán Xosé García.

Menores de 16 anos:
"Lembranza do ser".
Autora: Alba Cid Fernández

FOTOGRAFÍA

XURADO: Xosé Lois Vázquez "Che", José Paz e Pili Prol.

1º Premio:
"Ruviro".
Autor: Rubén Vilanova Romero.

2º Premio:
"O artesán".
Autora: Encarnación Osorio Montenegro.

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

PRIMEIRO PREMIO - 2003

Celso Rodríguez Cao

Francisco Boluda

OFICIOS ARTESANOS

A CESTEIRÍA: "OS COROZEIROS"

O meu amor é cesteiro,
é chegado a grandeza;
trábalha con facas de ouro
que de patra é baixeza.
(Pires de Lima, Porto 1947)

O home, dende épocas moi antigas, necesitou transportar ou almacear líquidos, alimentos, etc., polo qu ese viu obrigado á elaboración dalgún tipo de recipente que lle solucionase a súa custodia ao trasladalo. Para elo soubo aproveitar en grande medida os vexetais que o rodeaban e medraban de xeito espontáneo tanto no monte baixo como nas ribeiras dos ríos, e lagos onde habitaba, e con eles foi quen de facer, a través dunha incipente técnica –entrecruzando vexetal– tanto recipentes, que hoxe chamamos cestos, como tecido vexetal: corozas, sombreiros, capas e polainas. Son estas últimas, "as corozas", ás que nos imos referir, froito da recopilación dos diferentes saberes artesanais ubicados na serra de Leboreiro (comarcas da Baixa Limia e Celanova).

1. ANTECEDENTES

A cesteiría[1] ou vexetación convertida en cultura material, vai acompañar ao home dende os seus comezos, precedendo, incluso, ao invento tanto da alfareiría como do tecido.

As evidencias dos tecidos realizados con vexetais e en concreto con xuncos, remóntanse a tempos primitivos dos que a arqueoloxía e gracias ás condicións medioambientais como poden ser unha grande aridez e humidade, permiten a supervivencia destes fráxiles materiais. Así temos que no Novo Mundo os tecidos peruanos conservároнse nun excelente estado gracias á aridez de boa parte do país. Nel e anterior ao ano 3000 a.C. xa existían tecidos elaborados con xuncos que medraban nas inmediacións do lago Titicaca, que

1. O vocábulo cesteiría, en sentido restrinxido, implica unicamente a elaboración de cesto; non obstante, unha acción máis ampla, abarca calquera tipo de peza realizada con fibras vexetais.

máis tarde serían substituidos por prendas de algodón, dando fama a este pobo, os Aimara, uns excelentes fabricadores de tecido e os únicos que no mundo conservan as antigas técnicas de trenzado de xuncos.

Indio aimara recollendo os xuncos para a elaboración da embarcación "Uru". Etnografía experimental.
Fotografía: Fonte, Magazine El Mundo. 27-X-1990.

Na península Ibérica os datos máis antigos sobre a cesteiría están representado nas pinturas rupestres levantinas da Araña (Valencia), os abrigos de Albarracín (Teruel), e de Cañete (Cuenca), ou o Molero (Castellón). Tamén se teñen datos arqueolóxicas de utilización cesteira nas cabanas do Cerro de Cervera (Madrid), realizadas cun fondo de cesteiría, e sobre todo *"o excelente lote de elementos de cesteiría do enterramente neolítico da Cova dos Morcegos (Granada), que inclúe 57 pezas distintas conservadas, das que destacan os cestos e as sandalias"* (VV. AA., 1999, 328-329), ou os restos de trenzados vexetais na Cova Sagrada II (Murcia) e os recentes achádegos no xacimento de Castellón Alto (Granada) pertencentes á cultura do Argar (4000-2700 anos a.C.) e que documentaron tamén, elaboración de tecidos.

Na nosa provincia e seguramente a partires da observación de exemplos obtidos da natureza (niños de paxaros), o home, gracias á cesteiría, logrou crear superficies estruturais coherentes, como nolo pon de manifesto F. Conde-Valvís (1975, 159-177) no único exemplo que temos de construcións palafíticas:

"Estas construcións tiñan forma circular e as estacas servían para soster o piso e o tellado, fomado por ramas de árbores entrelazadas entre si e cubertas de xunco e palla".

Dibuxo: F. CONDE-VALVIS.

Vivendas que podemos poñer en relación coas construcións ou aperos agrícolas da montaña lucense: pallozas, horreos, gradas, colmeas, etc. perfeitamente estudadas por: GONZÁLEZ REBOREDO e RODRÍGUEZ CAMPOS (1990); GONZÁLEZ PÉREZ (1991), ou outros exemplos dispersos pola nosa comunidade e estudados por diferentes etnógrafos ou historiadores.



Fonte: Ramiro Ramos (2000)

Por último, e con respeto a esta artesanía, e centrada no tecido vexetal que a continuación imos describir, non nos podemos esquecer da vestimenta trenzada do home de Ötzi, unha especie de zamarra feita con herbas, pouco tupida pero que cubría o corpo dende o pescozo até os xeonllos. O borde superior da zamarra estaba tecida de xeito sinxelo, con herbas trenzadas e a el ***"van suxeitos, en intervalos de seis ou sete centímetros, varios cordóns herbáceos paralelos. Por diante, a zamarra está aberta de arriba abaixo. Os dous bordes lonxitudinais están***

feitos con cordóns herbáceos, aos que van suxeitos os fíos trenzados horizontais que forman a trama". A zamarra é polo tanto unha prenda moi útil con funcionalidade de prenda e tamén de esterilla ou manta para ser empregada pola noite.

En relatos de viaxes dos anos 1729-1730 perto de Turín, norte de Italia, atopamos paralelos a dita prenda: *"As xentes de humilde berce que andaban a pé levaban zamarras de palla ou xuncos delgados que lles chegaban ás pantorrillas e ían ben pechadas ao redor do pescozo".*

Estamos, por todo elo, ante o predecesor da nosa vestimenta de xuncos?

2.- PROPOSTA METODOLÓXICA

Para a realización deste traballo deseñamos un método que nos permitiu describir, analizar e profundizar no estudo dunha tecnoloxía artesanal coa finalidade de que poda servir como base para un mellor coñecemento tanto do oficio artesanal como dos diversos obxectos empregados na elaboración do produto final. Todo elo nos levou nun primeiro momento a definir e delimitar o campo de estudo –neste caso a cesteiría e máis en concrento a elaboración de corozas-; unha ubicación xeográfica –Serra de Leboreiro e as súas estribacións (comarca da Baixa Limia e Terra de Celanova); realización do traballo de campo coa recopilación de datos (materias primas, ferramentas, procesos produtivos, venda e distribución, etc.) e finalmente traballo de gabinete dedicado á ordenación dos datos de campo e interpretación e análise dos resultados.

2.1. Definición e delimitación do campo de estudo

O noso obxectivo principal foi a realización dun mapa de distribución de oficios artesáns tanto na comarca da Baixa Limia como na Terra de Celanova, ante a problemática da desaparición destas artesanías ás que contribúen numerosos factores como son: cambios nos modelos agrarios tradicionais –onde se asentaban estos oficios-, introdución de produción capitalista, aparición doutros elementos que substitúen aos tradicionais como a utilización do plástico na confección de recipentes domésticos, así como o abaratamento no mercado, o que produciu un cambio nestes oficios artesanais pasando os seus produtos a seren máis decorativos que funcionais; idade avanzada dos artesáns que nos ofreceron información, etc.

Unha vez realizada dita distribución de oficios artesáns localizados *(ferreiros, oleiros, cesteiros, carboeiros, ferradores, muiñeiros, xastres, fiandeiras,...),* comezouse a facer un estudo pormenorizado de cada un dos oficios.

O oficio dos cesteiros foi o primeiro en ser analizado, e dentro desta artesanía os especializados nos tecidos vexetais realizados con xuncos silvestres e denominados *coroceiros,* cuxas capas representan unha fase moi primitiva da nosa cultura material en vías de extinción.

O primeiro paso para calquera tipo de estudo é coñecer toda a bibliografía relacionada co tema, así como ir ás fontes relacionadas coa zona de obxecto de estudo. De todo elo poderemos elaborar, en segundo lugar, unhas fichas de campo que incluiron información sobre o artesán, así como materias primas e o seu proceso de transformación, o instrumental empregado, economía, apartado gráfico, etc.

Da análise bibliográfica sobre este tema, póidose observar que para calquera referencia ou aproximación ao mundo da etnografía galega en xeral e Ourensá en particular, debemos comezar cun achegamento á obra de Xaquín Lorenzo, que como di o profesor Sierra Rodríguez (1998, 220): *"a súa obra sobre etnografía galega ten plena vixencia hoxe en día, constituindo unha ferramenta fundamental para estos temas, incluso dende postulados teóricos e metodolóxicos diferentes aos seus". "O repertorio de oficios e actividades artesanais que fai na súa obra principal*

é completo, aínda que non sexa obxecto da súa preocupación o encadre etnohistórico dos fenómenos que describe e estuda. Pero o que non ten sido superado aínda nas súas análises descritivas dos comportamentos, xestos e labores que identifican o entramado agrogandeiro da Galiza interior".

Ente outros investigadores que trataron sobre o tema da cesteiría, nalgún dos seus diferentes aparatados, podemos citar a obra de Risco (1959), Peinador (1922) ou Bouza (1954), destes dous últimos sinalar a aportación dunha *"xerga"* específica do oficio. Nos últimos anos debemos destacar os diferentes estudos e aportación de: Sierra (1988), Fidalgo (1990-91) ou o estudo monográfico sobre a cesteiría de Fernández Bal (1989).

2.2. Ubicación xeográfica

O marco xeográfico do noso estudo ubícase na conca do Limia e máis concretamente na denominada subcomarca da Baixa Limia, localizada no sector Suroccidental da nosa provincia de Ourense. A súa extensión é duns 582 km^2 e segundo a actual distribución adminstrativa pertencen aos municipios de Bande, Muiños, Lobeira, Lovios e Entrimo. Aínda que o noso estudo tamén abarca os concellos de Verea e Celanova.

Para o tema concreto dos coroceiros, centrarémonos na zona da Serra do Leboreiro. Esta serra está formada por unha serie de cumios, dos que algúns chegan aos 1300 m. Esta serra fai de divisoria de augas entre o Limia e o Miño, Arnoia e Deva. Dela parten unha serie de estribacións ou nervios que formarán divisorias de segunda e terceira orde, como é o caso da conca do Cadós, onde a media ladeira se sitúa o pobo de Pereira (Bande), lugar natural e de traballo do noso informante.

2.3.- O artesán

No pobo de Pereira (Bande), temos contactado con varios agricultores-artesáns: cesteiros, coroceiros, e a información –en décadas anteriores- de ter existido todo o proceso do liño.

De todos eles, o único que nos poido transmitir o seu oficio foi D. Darío Domínguez Álvarez, aínda que no desenrolo do proceso, dalgunha ou outra forma participou todo o pobo, ben no corte dos xuncos, malla, aportación de instrumental, ou ben animicamente interesándose en todo momento de como se ía elaborando a coroza. A todos eles e aos que na actualidade nos deixaron, a nosa máxima gratitude por nos permitir ser partícipes de tal inolvidábel experiencia.

Nome: Dario Domínguez Álvarez
Idade: 75 anos. (1993)
Natural de: Pereira (Bande, Ourense)
Profisión: Agricultor e cesteiro (elaboración de cestos e corozas).
Procedencia dos seus coñecementos: Exercizo de profisión por tradición familiar. Seu pai transmitiulle os coñecementos para facer as corozas e os cestos. Comezou a realizalas cando tiña 17 anos.
Declaración: Informounos sobre o xeito de facer as corozas e os cestos (con exemplos prácticos) e sobre aspetos económicos e sociais derivados do seu traballo.
Datas da declaración: ano 1993.

3.- DISTINTOS PROCESOS PARA A ELABORACIÓN DUNHA COROZA

Para poder conseguir a realización dunha coroza hai que seguir un proceso de elaboración distinguindo as seguintes fases:

3.1. Materias primas utilizadas e adquisición

Segundo o tipo de cesto ou tecido vexetal que se vaia realizar, a materia prima pode ser: tiras de madeira de carballo, bimbios, etc., empregados para os primeiros, e vexatación flexíbel –xuncos- para a realización das corozas. Estos xuncos adquiríanse nos terreos dos que eran propietarios –pradeiras húmidas á beira do río Cadós- ou noutros humidais da propia serra do Leboreiro. Esta planta ten as seguintes características:

XUNCOS (do latín *jungere* = atar, liar.)

Xénero: *Juncus*
Especies: *Holoschoenus vulgaris L.*
Familia: *Juncáceas*.
Características: Plantas lacustres.
Multiplicación: semillas.

3.2.Instrumental empregado no proceso de confección dunha coroza

- Maza: É un martelo de madeira feito de pau de sobreira ou de freixo. Denominado tamén maza, ésta última está feita de madeira de "carballo", de forma cilíndrica e con mango, parecida ou igual que a empregada polas *mazadeiras* do liño. Con ela golpean o xunco.
- Tesouras: metálicas para igualar os xuncos da coroza.
- Fouce: ou "fouciño" para cortar os xuncos.
- Pente: de púas metálicas para abrir os xuncos.

4.- TÉCNICAS DE ELABORACIÓN

4.1.- A corta do xunco

O primeiro paso no proceso dunha coroza é a corta dos xuncos. Nela existe certa controversia sobre cal é o momento máis idóneo para cortar os xuncos. Xeralmente acéptase que a mediados ou a finais do

CORTANDO O XUNCO

verán é a mellor época, xa que o obxectivo é que o xunco chegue a unha altura máxima sen que todavía merme a súa resistencia. Para cortalos emprégase xeralmente o fouciño e en algúns casos a gadaña coa que se pode cortar por baixo do nivel da auga. Despois, os xuncos lávanse e sécanse, proceso que pode durar sobre uns dez días ou varias semanas, segundo o clima.

4.2.- A malla

A tarefa da malla realízase coas mazas, instrumentos empregados tamén co liño. Con esta acción inténtase aplasatar e abrir o xunco para logo deluba-lo.

4.3.- Delubar

Unha vez ben mallados, o xunco delúbase. Para elo cóllense algunhas mazas e golpéanse fortemente contra a pedra, para despois retorcelos a man. Nesta operación retírase o "pan" do xunco. Este pan soe ser empregado na comarca para facer flores, que adornan o sombreiro do traxe típico do entroido, (troteiro)[2], ou "volvoretas de aceite".

4.4.- Secado

A continuación exténdense os xuncos, normalmente no patio, cuberta da palleira, etc., para que sequen ben e poder empezar a traballar con eles. O secado soe levar algunhas semanas dependendo do clima da zona, como sinalamos en liñas arriba.

4.5.- Elaboración da coroza

A confección da coroza empézase pola parte superior ou pescozo. Mediante a técnica da trama cordada vanse engadindo, con gradual aumento da

"MALLA"

2. Agradecemos a Dna. Mª. L. Cao González a información sobre o deseño dos traxes típicos de carnaval na comarca da Baixa Limia: verdadeira impulsora do renacer desta tradición no municipio de Bande.

anchura, os *biñóns*, que son dous ou tres xuncos dobrados pola metade (xuncos normalmente femias que permiten unha maior flexibilidade), que se entrelazan e suxeitan nas sucesivas vías ou tramas cordadas xeralmente formadas polo trenzado (de como mínimo de tres xuncos). Estas vías delimitan o hoco das mangas así como a última que marca a trama final da prenda.

4.6.- O penteado da coroza

Para que a coroza teña unha maior superficie de protección hai que penteala. Esta operación consiste en abrir os xuncos lonxitudinalmente cun pente de puntas metálicas. Con esta acción, a coroza vai adquirir un maior volume.

4.7.- Polainas

A súa función era protexer a perna dende o xeonllo até os nocelos. Elaborábase, como a coroza, cunha guía máis longa que as demais e que cumpra a función de suxección e atado da polaina.

4.8.- Tipoloxía

As corozas realizadas nesta comarca, con paralelos nas de Celanova (Ourense), a Gudiña (Ourense), e outras, tanto da nosa comunidade como de fóra dela (extremeña, ou zonas do Miño e Tras os Montes en Portugal), caracterízanse por seren de medio corpo ou longas, con ombreiras por onde se meten os brazos. Esta coroza está acompañada por unha capucha exenta e con polainas para as pernas.

COLOCACIÓN

"PENTEADO"

Na nosa provincia, de todos xeitos temos exemplos de corozas con capucha unida como as realizadas na aldea de Alvite (Baños de Molgas). Noutras zonas, esta capucha podería ser substituida por sombreiros de palla.

TIPOLOXÍA	LUGAR
Coroza con capucha unida	Alvite (Baños de Molgas, Ourense), Rubillón (Avión), Candosa (Irixo).
Coroza con capucha solta	Bande, Lobería, Entrimo, Celanova, Gudiña, Verín, Rubillón y Baíste (Avión), Beariz, Minho (Portugal)...
Coroza dunha peza confeccionada dende a cabeza até os xeonllos	Zona de Tras Os Montes (Portugal), Terras o Barroso (Portugal), Salas (Muiños, Ourense)

4.9.- Funcionalidade.

Principalmente, as corozas eran prendas empregadas para que os pastores se protexeran da choiva. Ao mesmo tempo estas prendas foron empregadas no entroido e sobre todo as pola inas que forman parte da indumentaria típica do entroido no concello de Bande: "Os Troteiros".

4.10.- Outros produtos realizados con xuncos

A parte desta vestimenta para o home, elaborándose corozas ou esteiras para as vacas.

A COROZA CON CAPUCHA SOLTA

VISTA POSTERIOR

VISTA FRONTAL

5.- Produción

Actualmente a produción é nula.

6.- Situación socioeconómica

Ningún dos artesáns cesteiros e concretamente o noso amigo coroceiro vive desta artesanía. O seu substento é principalmente gracias aos labores do campo ou ás pensións da Seguridade Social, xa que están xubilados.

A cesteiría é un entreteñemento, o que queda do labor de antano á que dedicou grande parte da súa vida.

Non obstante, cando exercía plenamente o seu oficio, a comercialización dos seus produtos ían dirixidos a encargos dos seus veciños e á venda de corozas e cestos tanto nun ámbito parroquial, como municipal e extramunicipal.

Venda de produtos ámbito Parroquial	Municipal	Extramunicipal
Corbelle, Pereira	BANDE	
Martiñán, Lueda, Villameá, Sarreaus, Sordos, Seoane, Bande.	BANDE	
Cadós	BANDE	
Taboazas, Parada, Fraga (cetos para o carbón vexetal)		LOBERÍA
Xendive		LOVIOS
Feira Vella		ENTRIMO
		CELANOVA

A contratación para a realización dunha coroza producíase persoalmente ou nas feiras da Baixa Limia. A coroza axustábase ao prezo dun día de xornal, e dentro deste xornal incluíase a manutención. A xornada comezaba ás seis da mañá na porta da persoa contratante.

O valor da coroza foi flutuando, evidentemente, cos tempos. Comezou custando de 6 reais a 30 (anterior

aos anos 1950), de 1 peseta a 1 peso nas décadas dos 50 e 60. nos anos posteriores o prezo oscilou entre as 15 pesetas e as 50, prezo último vendido na feira de Bande. O seu custo máximo, e unha vez case desaparecido este oficio na comarca, chegou ás 2000 pesetas, en encargos feitos sobre todo para os disfraces do carnaval.

En canto ás corozas para as vacas, o seu prezo na década dos 70 alcanzou as 1800 pestas, mentres que os cestos realizados con tidas de madeira, segundo o seu tamaño e forma, vendíanse a partires das 600 pesetas nese mesmo tempo.

7. Conclusión

O coroceiro é un oficio artesanal en vías de desaparición nestas comarcas do suroeste ourensán. A partires destas liñas tentamos achegarnos a un oficio, que como o de D. Darío, foi produto da simbiose entre o modo de vida artesanal e os recursos naturais que o medio no que vive lle ofrece. Artesanía que debemos referenciala nun contexto económico e social dun pasado inmediato. Todo elo forma parte do que chamamos patrimonio etnográfico e acervo cultural, que está en vías de desaparición e polo que urxe facer estudos profundos para entender a importancia e trascendencia que tiveron e teñen dentro da nosa identidade cultural.

8.- BIBLIOGRAFÍA

ALFARO GINER, C., 1984, Tejidos y cesteiría en la Península Ibérica. Biblioteca Praehistorica, XXI. Madrid.

ASQUERINO FERNÁNDEZ, M.D., 1979, Fondos de cabaña del cerro de la Cervera (Mejorada del Campo, Madrid). Trabajos de Prehistoria, 36, Madrid, pp. 119-150.

BOUZA BREY, F., 1954, "Os cesteiros galegos de Mondariz e a súa fala gremial". *Homenaje a Fritz Krüger,* T. II, Universidad de Cuyos, Mendoza. (Reeditado en Bouza-Brey, F. , Etnografía y FolkloreGalicia (1). Edicións Xerais de Galicia. Vigo, pp. 163-202.

CALLE RODRÍGUEZ, A., 1982, El oficio de la cesteiría en Madrid. Madrid.

CONDE-VALVIS FERNANDEZ, F., 1975, "La Laguna de Antela y sus vicisitudes histórico arqueológicas". *B.Aur.* T. V. Ourense, pp. 159-177.

FELGUEIRAS, G., 1959, "O emprego do junco e da palha centeia no traje rústico". *Actas do coloquio de Estudos Etnográficos do Dr. José Leite de Vasconcelos.* Vol. II. Junta Provincial do Douro Litoral. Oporto, pp. 359-369.

FERNÁNDEZ BAL, Mª. L., 1989, Cesteiría e tecido vexetal. Vigo.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A., 1990-1991, "A pluraridade campesina: oficios e habilidades tradicionales". B.Aur, T. XX-XXI. Ourense, pp. 309-351

GALHANO, F., 1961-62, "Cesteria de Entre Douro e Minho. Contribucao para o estudo de cesteria portuguesa". *Trábalhos de Antropología e Etnografia,* XIII, 3-4. Oporto, pp. 257-335.

GARMENDIA LARRAÑAGA, J., 1980, "Preparado del junco" en *Artesanía vasca.* Vol. 6. San Sebastián, pp. 203-216.

GONZÁLEZ PÉREZ, C., 1991, Antropoloxía y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. Vol. II. Lugo.

GONZÁLEZ REBOREDO, J.M., 1990, Antropoloxía y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares. Vol. I. Lugo.

GORTÁZAR Y OBIETA, I., 1977, "La cesteiría agrícola del Norte de España". *Institución Fernando el Católico. Actas del III Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares.* Zaragoza, pp. 523-531.

HERVELLA VÁZQUEZ, J.; 1999, Irixo. Natureza, historia e arte nun municipio da Galicia Interior. Ourense.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1962, "Etnografía-Cultura Material", de la Historia de Galicia de R. Otero Pedrayo, vol. II. Buenos Aires, pp. 500-506.

MÉNDEZ GARCÍA, R. M., SÁENZ-CHAS DÍAZ, Mª. .B., 1993, A cesteiría. *Cuadernos do Museo do Pobo Galego nº 7.* Santiago.

MERINO, B., 1909, Flora descriptiva é ilustrada de Galicia. T.III. Santiago, pp. 48-64.

PEINADOR, E., 1922, "Vocabulario dos cesteiros de Mondariz". Rev. Nós, nº 12, 13 y 14. Ourense.

RISCO, V., 1959, "Una parroquia gallega en los años 1920-1925". Revista de Dialectología y Tradiciones Populares. T. XV, nº 4. Madrid.

SÁNCHEZ SANZ, Mª. E., 1982, Cesteiría tradicional española. *Artes del Tiempo y del Espacio.* Madrid.

SESEÑA, N., SÁEZ DE LA CALZADA, M. y BOUZA J.L., 1977, "Aproximación al Arte Popular en Galicia". *Cuadernos del Seminario de Estudios cerámicos de Sargadelos,* nº 23. Ed. do Castro, Sada, La Coruña, pp. 5-18.

SIERRA RODRÍGUEZ, X.C., 1998, "Oficios artesanales". Ourense. Madrid, pp. 217-232.

SPINDLER, K., 1995, El hombre de los hielos. Barcelona.

VV.AA., 1998, Ourense etnográfico. Coruña.

VV.AA., 1999, Nociones de tecnología y tipología en Prehistoria. Barcelona.

SECUENCIA FOTOGRÁFICA DO PROCESO

1. Corta de xuncos

2. Recollida de xuncos

3. Xúntanse en feixes ou mazas

4. Secado

5. Maza

6. Malla de xuncos

7. Malla e delubado

8. Comezo da coroza

9. Tecido desde o pescozo

10. Tecido. Trenzado

11. Trenzado con tres xuncos

12. Detalle do proceso

13. Detalle do entrelazado



14. Detalle

15. Colocación para penteado

16. Medidas

17. Tomando medidas

18. Abertura para os brazos

19. Igualando os xuncos

20. Penteado

21. Polainas

22. Polainas

23. Polainas.

24. Chapeo

25. Chapeo.

26. Coroza completa

27. Últimos retoques. Peinado

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

PRIMEIRO PREMIO - 2004

Textos: **Carlos Xesús Varela Aenlle**

Fco. Xosé Fernández Riestra

Fotos: arquivo de **Carlos Xesús Varela Aenlle**

Debuxos: **Fco. Xosé Fernández Riestra**

As cubertas vexetais no noroeste peninsular

Limiar

As cubertas vexetais no Noroeste peninsular tiveron unha grande importancia en épocas pasadas xa que aparecen nomeadas en numerosas escrituras de diversos séculos pero tamén algunhas nos chegaron como un tesouro da arquitectura popular até boa parte das últimas décadas do século XX.

A partir das décadas de 1980 e 1990 prodúcese un cambio radical na súa conservación, que xa viña unido á decadencia dunha sociedade económica tradicional labrega baseada na agricultura e na gandaría e que levaría consigo a desaparición de moitas destas construcións.

Aínda así sabemos da variedade de edificacións que se cubrían con materiais vexetais, desde casas, hórreos, muíños, batáns, cabanóns, igrexas, etc. nun espazo xeográfico con abundantes analoxías etnográficas e culturais como é o Noroeste da Península Ibérica, é dicir, toda a área que abrangue Galiza, o Norte de Portugal (Minho, Trás-os-Montes, Douro Litoral, Beira Alta…), Asturias, León, Zamora e o Norte de Palencia. As cubertas maioritariamente eran de centeo, pero tamén se utilizaron outros materiais como a xesta, o trigo, o millo, a escanda ou os terróns.

Toda esta tradición construtiva enmárcase dentro dun contexto máis amplo europeo onde existen así mesmo construcións con cuberta vexetal en numerosos países: Bretaña, Romanía, Inglaterra, Hungría, Rusia, Polonia, Alemaña, Suiza, etc.

1. As casas

A área de extensión da casa de cuberta vexetal na Galiza diminuiu fortemente desde hai décadas, pero temos constancia a través de documentos antigos que o seu espallamento foi notábel por diversas bisbarras do país, era a denominada *"casa pallaza"* nas escrituras. Ao mesmo tempo varios viaxeiros no século XVI testemuñan a súa presenza.

Para tomar un exemplo no ano 1496 unha escritura do mosteiro de Santa Comba da Órrea no concello de Riotorto, referida a dous labregos do pobo de Fonseca di: *" (…) Et, dentro de un anno luego primero siguiente, an de fazer, cada unno dellos, sua casa pallaza, buenas en el dicho lugar, et morarlas e probarlas (…)".* Mais, xa a principios do século XIX restrínxese ás zonas montañosas do oriente galego, é dicir, aos concellos de Folgoso do Courel, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Baleira, Becerreá, A Fonsagrada e Pedrafita do Cebreiro.

Palloza no Cebreiro (d. 1990)

Palloza de Paradavella (A Fonsagrada) na década de 1990

Hoxe en día e cunha forte decadencia sitúanse nos concellos da Fonsagrada, Baleira, Becerreá, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Cervantes. No ano 1990 cifrábanse por parte da Xunta de Galiza nun número de 149, sendo Cervantes o concello con máis número delas (57) e Baleira a menor cun só exemplar. Na súa función tan só 14 seguían como vivenda, mentres que 109 utilizábanse como cortes e 21 como celeiros.

De todos os xeitos algunhas construcións de concellos próximos como Baralla, Triacastela ou Folgoso do Courel posúen aínda características de edificacións que foron teitadas no seu momento, que hoxe teñen a cubrición de lousa e na que se aprecia a falta de adaptación ás paredes e á organización interior da estrutura de vigas de madeira dunha antiga palloza. Noutros lugares de Galiza as plantas con muros redondos, que sospeitamos como fan moitos dos etnógrafos actuais, tamén estarían cubertas de palla no seu tempo en concellos tan distantes como As Pontes de García Rodríguez, Riotorto, A Pontenova, O Vicedo, Calvos de Randín, Sobrado dos Monxes, Manzaneda, etc.

A palloza que é a construción de cuberta vexetal hoxe por excelencia presenta varias tipoloxías de plantas, unha boa parte delas resultado da modificación ou ampliación das paredes circulares, polo tanto, atopamos normalmente unha clasificación de modelos de planta circular, elipsoidal, oval, elipsoidal con laterais rectos e rectangular cos recantos redondeados.

Pallozas de Piornedo (Cervantes), d. 1980

Celeiro na Fontaneira (Baleira), d. 1980

Algunhas das plantas vense influídas polas curvas de nível, o aproveitamento dunha ladeira para obter unha posición inclinada e a adaptación ás redes viarias. A este tipo de plantas súmanse ás daquelas edificacións de planta cadrada que tamén están ou estiveron teitadas de palla (Virigo, Figueira).

A organización interna basease en tres partes: unha adicada á corte para albergar os animais, outra para o almacenamento e unha última para vivenda. Nos casos máis sinxelos só existe unha planta que é vivenda con lareira ou mesmo pode estar dividida en dúas partes sendo os espazos moi curtos, tanto o da cociña como o da corte.

Accédese á lareira por unha porta que leva a un espazo onde varias lousas fan de lareira para prender o lume, sobre o que colga o pote da gramalleira e por enriba pode ter un caínzo onde se secan as castañas, os chourizos, carne ou outros produtos. Completan a dependencia algúns escanos, tallos, pezas de tornería, unha hucha, un armario, un cunqueiro, etc. e ao lado sitúanse os cuartos de durmir, con forma de caixón de madeira. Outros espazos corresponden ao forno, a pequenos cuartos para a leña ou a algún cortello.

A corte chamada nos Ancares estravariza, cóbrese de toxo e xesta para utilizar esta capa vexetal como abono despois de mesturarse cos excrementos do gando. Por enriba dela un pequeno corpo separado con táboas chamado barra serve para poñer a herba, a leña ou as patacas. Tamén nalgúns exemplares utilizouse como dormitorio.

Os ocos desta edificación son escasos, quitado unha ou dúas portas e algunhas xanelas moi pechadas con madeira onde soen deixar nada máis que un furado de xeito circular, que dan luz á lareira. Estas xanelas teñen marcos de madeira ou de pedra de cantería máis traballada que a do muro. A razón de falta de ocos é a de manter a calor dentro da vivenda, especialmente durante o inverno.

Unha das portas, que pode ter dúas follas, serve para que acceda o carro ao interior da palloza. Tamén pode aparecer na cuberta algunha xanela pequena reforzada cunha lousa e sen peche ningún que pode servir de respiradeiro por onde entra o aire, unha pouca luz ou para que se vaia o fume do interior.

Os muros de dimensións baixas son de cachotería de pedra de gra, xisto ou granito, sen alicerces apoiando sobre as rochas ou o terreo e rematando nunha fileira de lousas que forman un beirado sobre o que se instalan as diferentes vigas de madeira que sosterán a cuberta. No exterior pode haber un foxo para que a auga que cae da cuberta non se estanque xunto aos muros.

A estrutura interior da cuberta depende das tipoloxías, pero as máis amplas constan dunha armazón con varios paus verticais que a suxeitan (forcas, esteos, postes, forcadas), horizontais (carreiras) e outros inclinados (tixeiras). Reforzan a cubrición os cangos e a latiza (pequenas táboas sobre estes últimos) e unha viga que soporta o cabalete superior (cumieira, aiga). Sobre ela vai o colmo de centeo suxeitado só no cumio por un entrelazado de xesta ou en toda a pendente debuxando círculos concéntricos. Pode ter tamén debaixo da cuberta de colmo unha capa de xesta ou bouza para reforzala.

A palloza co tempo foi sufrindo modificacións, como que parte do teitado fose substituído por lousa, que fose ampliada a súa planta cunha pequena construción arrimada adicada a corte ou a unión dunha nova construción de casa de dous pisos de planta rectangular que aproveita parte dunha antiga palloza e a une a súa estrutura principal como aconteceu en localidades como Liñares de Maderne (A Fonsagrada) ou no Pando (Cervantes).

A súa construción facíase colectivamente con veciños e familiares e a súa propiedade podía ser compartida por herdanzas segundo sabemos polas vellas escrituras (a cuarta parte da palloza, a metade, etc.), o que podía dar como resultado que nela vivisen varias familias.

Outros tipos de casa de cuberta vexetal xa presentan a planta dun xeito cuadrangular ou rectangular, posibelmente evolución das de muros redondos e que collen moitas das características das pallozas. Espalláronse especialmente polas serras altas galegas e mesmo conviven con algunhas tipoloxías de pallozas. Algunhas delas presentaban mesmo dous pisos ou un corredor como en localidades como Chaguazoso (Vilariño de Conso) ou Dozón. Outras áreas que mantiñan o colmo até a década de 1980 na Galiza eran a de Bande, Entrimo, Lobeira, Muíños ou A Gudiña e A Mezquita.

Casa e corte teitadas en Chaguazoso (Vilariño de Conso), d. 1980

Casa teitada en Dozón. d. 1980)

Os exemplares de pallozas máis interesantes e con boa conservación atópanse hoxe no Cebreiro, Piornedo, Xantes, Moreira, Vilarello, Donís, A Fontaneira, Paradavella, Silvouta, Murias de Vaos, Moia, O Mazo, Deva, etc.

Trátase dunha edificación estudada ou fotografada ao longo do tempo por diferentes autores como Crespí, Fritz Krüger, Walter Ebeling, Ángel del Castillo López, Xosé Manuel González Reboredo, Clodio González Pérez, Begoña Bas López, Mark Gimson, Xaquín Lorenzo Fernández, Pedro de Llano Cabado, etc. Todos eles salientaron a súa importancia como construción enxebre galega e digna de ser protexida e coidada dun xeito especial.

Outra área na que existiu unha forte presenza da casa de cuberta vexetal é o Norte de Portugal. Esta zona caracterizada polo seu clima húmido atlántico, é predominantemente granítica, aínda que tamén posúe manchas de xisto. As tipoloxías de casas teitadas son ou foron moi diversas tanto na estrutura das plantas como na distribución dos espazos, no número de andares ou nas características da cubrición.

Normalmente son plantas de carácter rectangular, de un ou dous pisos, que se ven alteradas por diversas modificacións e ampliacións. Sorprende, non obstante, a existencia duna boa porcentaxe de casas teitadas con dous pisos e corredor, ausentes doutras áreas xa estudadas.

As casas presentan muros de granito e xisto, con poucas xanelas, unha ou dúas portas e cuberta de palla a dúas ou catro augadas. Nos marcos das portas e das xanelas soe haber pezas de cantería mellor traballadas ao igual que nos recantos destes edificios. As paredes normalmente non se receban, polo tanto aparecen coa pedra espida, que pode estar colocada máis ou menos de xeito regular segundo o traballo feito polos canteiros ou da posibilidade económica dos propietarios da casa á hora de construíla.

Algúns exemplares de casa unen todas as dependencias, chegando a casa a constituírse nunha estrutura compacta, na que existe un corredor de varandas de madeira con cuberta de palla que se une mediante

un pasadizo de madeira teitado á parte que se considera palleiro deixando un espazo diante onde se fan moitos labores agrícolas e por onde entra o carro co gando (Celorico de Basto).

En Amarante (Douro Litoral) existiron casas teitadas de dous pisos, de muros de pedras de granito unidas ao palleiro e ás que se accedía mediante unha escaleira de patín ao piso superior. Outras, en cambio presentaban dous pisos e o acceso era por unha porta normal, podendo ter na parte baixa a cociña e a corte e na superior os cuartos de durmir.

O mesmo sistema existiu en Cinfães (Beira Alta), onde se aproveitaba a inclinación do terreo para facer a disposición das diversas dependencias da casa teitada. Así podían presentar un corpo de grandes bloques de granito con porta de madeira e beirado tamén de granito sobre o que se dispoñía a cuberta. No lado e moitas veces por aditamento creábanse novos espazos normalmente de dous pisos con pequenas xanelas e que nalgún caso tiñan o acceso tamén con escaleiras de patín feitas con grandes pezas de granito. A cuberta era de colmo de centeo, reforzada con paus na cumieira e en varias partes da pendente de dúas augadas. Outras tipoloxías máis complexas aparecían na área de Castro Daire (Beira Alta), resultados en moitas ocasións da ampliación de espazos da casa patrucial, pero con características afíns xa que moitas delas solucionaban o acceso tamén cun patín de granito. A cuberta de palla nesta zona comenzou a ser substituída pola de tella.

Algunhas estruturas eran máis sinxelas como as que había na área de Melgaço, en Castro Laboreiro, caracterizadas pola súa planta rectangular pero con muros redondeados que lembran outros tipos que existían nalgunhas áreas galegas como a de Lobeira, Entrimo ou Muíños. Adaptadas ao terreo con certa inclinación tiñan muros de pedras de granito abondo irregulares empregando as pezas traballadas de novo nos marcos de portas e xanelas. A cuberta de colmo cunha pendente de dúas augadas caracterizábase polo reforzamento con paus atravesados seguindo a inclinación da pendente e unidos no cumio como imitando a armazón interior de vigas de madeira.

Os respiradeiros para que saíse o fume das cociñas nas cubertas de colmo eran excepcionais, o que producía que as lareiras fosen moi negras en comparanza coas cubertas de tella e chemineas amplas.

Noutras áreas más montañosas como na localidade de Montalegre (Trás-os-Montes) houbo varias tipoloxías de casas cubertas con palla, desde tipos feitos con bastante rusticidade até outros con pedra de cantería de granito ben disposta. Presentaban un piso ou dous, a planta normalmente era de carácter rectangular, aínda que alguhna delas achegábase a unha planta cadrada.

Os tipos máis elementais compoñíanse de muros de granito con pedras pouco regularizadas, e normalmente a dúas augadas. Outras en cambio, moito máis perfeccionadas na súa técnica construtiva tiñan dous pisos, muros con granito ben traballado, mesmo con arcos circulares como entrada e beirado enriba dos muros e presentaban cubertas a catro augadas. Excepcionalmente algunhas tipoloxías incluían na súa estrutura un corredor de táboas recortadas ou varandas, ou táboas macizas sen a penas ocos.
Moitas delas presentaban unha estrutura formada por dous pisos, o de abaixo que se utilizaba como corte cunha porta ancha para que accedese o carro e un piso superior con varias xanelas pequenas ao que se accede a través dunha escaleira exterior ou patín. Nesta parte pode mesmo existir un pequeno beirado que protexe o patín cuberto de palla cunha continuación do teitado como acontecía en localidades como Tourém (Trás-os-Montes).

As mesmas características presentaban algunhas edificacións da área de Boticas (Trás-os-Montes) ou a de Vinhais (Trás-os-Montes) con exemplares máis complexos onde se utilizaron piares de granito para suxeitar os corredores aos que se accedía a través dun patín. Outras combinaban a pedra granítica con corpos de madeira de táboas macizas cun só oco. Nestas zonas de serra a cuberta de palla foi sendo substituída segundo as áreas pola lousa ou pola tella. En Asturias, xa temos documentación dos séculos XIV e XV onde se fala de casas teitadas de palla. Hai unhas décadas este tipo de casas atopábanse na área

Familia e casa teitada en El Corralín (Degaña), d. 1950

Construccións teitadas en Degaña (d. 1950)

suroccidental: na comarca eonaviega, no Narcea e na de Sumiedu. Na área eonaviega as casas presentaban as mesmas características que no leste galego e no Bierzo, eran pallozas de planta circular, elipsoidal ou cuadrangular.

Este prototipo aparecía no concello de Grandas de Salime, onde aínda podemos ver unha casa na capitalidade do concello hoxe en día cuberta de lousa, pero o maior número de pallozas presentábao o concello de Ibias. Xa no século XVI existe unha descrición do maxistrado Eugenio de Salazar sobre a localidade de Tormaleo onde cita a existencia de pallozas en todo o pobo. No século XVIII o Catastro do Marqués da Ensenada sinalaba unha cifra superior ás 500 casas de planta circular ou de forma redondeada.

Na década de 1950 este concello tiña en moitas das súas localidades casas con cuberta vexetal: A Serra, Santa Comba, Llanelo, A Lagúa, Santiso, Castaosa, A Peliceira, Busto, Peneda, Boiro, etc. Na década de 1980 quedaban moi poucos núcleos con algúns exemplares como San Clemente, Arandoxo, A Peliceira, A Lagúa, Valdeferreiros ou Boiro. Actualmente só quedan ruínas. A súa estrutura tanto en planta como en características interiores non se distinguía das que aínda existen por toda a área ancaresa.

As pallozas aproveitaban a inclinación do terreo, e na primeira parte sitúabase a lareira co escano e a gramalleira, cun caínzo por enriba dela para secar as castañas ou os chourizos. Ao lado un cuarto de durmir, de dimensións reducidas. A segunda parte co chan máis en pendente era utilizado para corte. A separación entre a lareira, o cuarto de durmir e a corte facíase mediante tabiques de madeira. Nun dos extremos poñíase o forno e nos laterais deste podía haber outros cuartos, que se podían utilizar tamén para durmir.

Na zona tixileira (El Vao, A Estierna) existía unha subtipoloxía que aproveitando a pendente do terreo dividiase en dúas partes. Por un lado, a lareira



BEIROS DE CASA SUMIEDU

BEIROS DE CASA CANGAS DEL NARCEA



COLUNGA, 1925
'CORTE' E 'PAYAR' CUN CUBRICION DE PALLA DE ESCANDA

e o forno, e por outro o palleiro e a corte situados en dous pisos e ambas dúas partes separábanse por un tabique de madeira. Na súa estrutura interior de vigas do teitado non presentaba esteo e solucionábase a estrutura como outras subtipoloxías existentes no concello de Cangas de Narcea.

Outro dos concellos que posuía un importante número de casas de cuberta vexetal era o concello de Degaña, pero a diferenza con Ibias nel ademais existían plantas rectangulares e en ele, xunto con elipsoidais e outras emparentadas coas que pervivían na área da Astierna. Mesmo algunhas presentaban os testeiros de lousas nos laterais como no Norte leonés e os corredores teitados (Zarréu).

Por último, o concello de Cangas de Narcea, ben fotografado por parte do etnógrafo Fritz Krüger, presentaba varias tipoloxías con cuberta vexetal, das que hoxe en día aínda se poden apreciar algunhas cubertas con tella ou lousa. Algúns exemplos aínda perviviron até poucos anos como en Brañas d'Arriba ou Reitornu.

Neste concello, de todos os xeitos, existe unha tipoloxía peculiar, con planta en barril e rectangular, moi alongada, que segue a pendente inclinada do chan, con tabiques de cachotería e un ancho corredor entre a corte e a cociña. A diferenza coas pallozas non presenta esteos normalmente e a súa estrutura interior de vigas de madeira achégase á forma dun barco invertido, podéndose considerar unha tipoloxía propia que poderiamos denominar "tipo Narcea".

Este tipo caracterízase por un desenvolvemento en planta marcadamente lonxitudinal e perpendicular ás curvas de nivel, que soen superar sempre o vinte polo cento do terreo. O espazo séguese artellando en tres partes: cociña, *astráu* que realiza función de distribuídor e que se sitúa no centro con dúas portas enfrontadas ao exterior en cada lateral do edificio e a corte. Esta última ocupa unha superficie de como mínimo dous tercios do total.

Unha característica definitoria desta tipoloxía é a frecuente desaparición dos esteos ou postes, estando formada a cuberta por pares de tixeiras, apoiadas sobre vigas dormentes do *sobremuriu*, e que en ocasións chegan a ter un perfil oxival e vertical na parte inferior.

ESTRUCTURAS DE CUBERTAS NA VIVENDA TIPO NARCEA



A cuberta resólvese con dúas augadas paralelas a unha longa cumieira. Este cume ten sempre unha acusada pendente malia a súa lonxitude, sendo un dos trazos definitorios da tipoloxía. En ocasións poden existir dúas pequenas augadas na parte superior ou inferior do cume, ou ben un remate semicircular pero trátase de casos nos que non se emprega un pinche. Este pode aparecer tamén internamente separando o *astráu* do parreiro, pero a miúdo as dúas divisións que delimitan o *astráu* son tabiques de madeira ao xeito das pallozas.

O chan do parreiro, sempre de gran superficie e altura, ten unha acusada pendente aproximadamente semellante á do cume. O acceso realízase desde o *astráu* que se acha o mesmo nivel, de tal xeito que na práctica o parreiro supón unha segunda planta con características peculiares, como é a inclinación e o non constar a penas de paredes.



CASA TIPO `NARCEA` ALZADO 1 M
VEIGA LLAGAR CANGAS DEL NARCEA

A corte, debaixo do parreiro, atópase sempre semiescavada no terreo e o muro que presenta ao exterior sobre todo nos laterais longos é de moi reducida altura, chegando o beirado case até o chan.

A ausencia de esteos non impide o desenvolvemento de grandes volumetrías por mor do emprego de tixeiras de gran luz e a gran lonxitude en planta que en ocasións pode acadar os vintecinco metros.

A cociña consta de todo o equipamento tradicional das pallozas, pero ademais soe ter alcobas, que son camas encaixadas e con porta nos tabiques de madeira da

cociña, situadas detrás dos escanos. Outro equipamento característico é o caínzo *(piérgola)* que ás veces constitúe unha poderosa estrutura pendurada do punto máis alto da parede da casa, e que aparece sempre dotado de acceso exterior.

O tipo Narcea pode seguir unha liña evolutiva paralelo á da casa redonda, máis que ser unha derivación desta. Trátase dunha evolución das plantas elipsodais e alongadas acreditadas desde épocas moi antigas.



A área de distribución sería como mínimo a conca alta do río Narcea (montaña de Cangas de Narcea) onde esta tipoloxía foi dominante, cos ríos Naviegu, Narcea e val do Coutu, pasando a Degaña e quizais ao concello de Ibias e Norte de León.

Esta tipoloxía caeu en desuso especialmente nos mediados do século XIX. Desde comenzos do século XX a cuberta vexetal cambiouse por outras de lousa ou de tella, pero xa entón moitas recibían un uso de corte e palleiro *(casiel.la)*, xa que desde abondo tempo antes unha xeración de novas casas cuadrangulares fixo a súa aparición. Co cambio aos novos materiais de cuberta seica se respetaron a maioría das estruturas internas.









EL VALLE (1970)

LA FALGUERA (2000)

A opción da tella xerou o problema da adaptación aos perímetros de planta curvos e sobre todo a súa difícil sustentación especialmente nesta estrutura de ripia que resulta pouco axeitada ademais da pendente. O cambio pola lousa foi máis doado non pola súa mellor adaptación á curvatura senón porque se trataba de construcións que xa tiñan grandes beirados de madeira, que sobrevoan as liñas curvas do perímetro do muro. Si existe a posibilidade que algúns dos pinches se introduciran coa chegada da lousa. Ás veces preserváronse restos da última capa de centeo que ía sobre unha capa de xesta, planta esta que parece que chegou a cubrir algúns edificios e adoito os beirados.



EL VALLE (1970)



EL VALLE (1930)



LAS MAURICAS (2000)

O tipo Narcea evolucionou por agregación en planta e prolongando as vertentes, dotándose dun portón con dous cuartos aos lados sobre a fachada principal ou especialmente sobre a parte inferior, solapándose co parreiro. Nesta parte a altura dos muros permitía efectuar máis doadamente os agregados. Por último algunhas non evolucionaron en planta senón en altura, modificándose a organización interior e engadíndose un corredor no lateral longo.

O outro concello cunha boa presenza de construcións teitadas é o de Sumiedu, onde alternan casas e un bo número de cabanas, os chamados *teitos*, todas elas caracterizadas pola súa cuberta de xesta. Esta tipoloxía aparece tamén nalgunhas brañas dos concellos de Teberga (Tuiza, El Rebel.lón) . Existiron ademais vivendas deste tipo no concello de Miranda até a década de 1970.

A xesta ponse sobre unha capa de uz ou sobre outra de xesta máis vella, o que lle dá un gran grosor, protexéndose a cumieira con varios paus que colgan sobre as pendentes, *tapinos* ou cun tronco cortado pola metade.

Algunhas cabanas están agrupadas en brañas como La Pornacal, Las Morteras de Éndriga ou Saliencia, La Corra, El Cuérragu (Arbichales), Mumián, Fuexu ou Bustrespena, relacionadas cun forte carácter gandeiro e co grupo social dos vaqueiros.

Tanto as casas como as cabanas teñen a planta rectangular, podendo estar soas ou agrupadas. Os muros son de cachotería de pedra caliza e pedra de gra ferruxinosa de cor marrón ou negra, baixos e ás veces sen estar unidos por arxila. As paredes teñen poucos ocos: a porta, algunhas xanelas e un *buqueirón* para introducir dentro a palla para alimentar o gando. As mellores pezas de cantería utilízanse para os marcos destes ocos. Ás veces arrimadas a elas pode presentarse outra cabana pequena chamada *caseto* ou un corral para cebar as vacas diante, tamén teitado, chamado *sombráu*.

A cuberta é moito máis voluminosa que o corpo da edificación, e resólvese cunha serie de vigas de madeira sobre os muros, outras horizontais que separan a corte do palleiro e outras inclinadas con *cabrios* e *l.latas* que sosteñen o teitume. A estrutura aquí descrita aparece de igual xeito naqueles exemplares que son ou foron casa. Exemplares de casas temos en Urria, La Falguera, Éndriga, El L.lamardal, El Val.le, Veigas, La Peral, L.lamera e El Puertu.

A planta de vivenda de teito pode ser lonxitudinal, arrimada en fileira, en ele ou en forma de "u". O modelo de casa de dúas plantas soe ter recebada e encalada a fachada da planta superior e sempre se accede por patín ou por desnivel do terreo. Interiormente estas casas chegaron a estar equipadas con cociña de ferro e caixa de cheminea e tamén as súas paredes estaban recebadas e pintadas. Na planta inferior de corte atópase un gran portón para o carro e o beirado emprega pontóns regulares e táboas.

Teitando unha palloza en Valouta (León) na d. 1980

Palloza en Cariseda (Fornela), d. 1990

O territorio leonés foi moi rico en cubertas vexetais, especialmente a area situada no Norte: O Bierzo, Fornela, L.laciana, Babia, La Omaña, L.luna, Los Argüeyos, Sayambre, Riaño, as terras de La Reina, etc. A variedade de casas tanto en plantas como en características foi moi diversa, pero a decadencia de moitos concellos na súa economía agrogandeira levou unhas veces á substitución por outras cubertas de lousa ou tella ou a desaparición destas construcións, aspecto que aconteceu nas últimas décadas do século XX dun xeito alarmante.

Un bo núcleo constituíao a comarca de La Maragatería ou Somoza, con ramificacións tamén nas comarcas veciñas de La Cepeda ou A Cabreira. Entre as características máis salientábeis está a presencia dun testeiro de lousas dispostas en chanzos nos muros laterais que soen ser de máis altura que o propio teitado. As plantas redondeadas ou semicirculares eran excepcionais, sendo a maioría de planta rectangular. Non faltan tampouco as plantas en ele. Estas casas recibían o nome de *"casas de sobera".*

A estrutura dos edificios é diversa, con muros de cachotería unidos con arxila, que rematan varios deles en triángulo. Os ocos son poucos, algunha xanela e portas para a lareira e o carro no espazo adicado á corte. Os marcos son frecuentemente feitos con madeira.

Estas casas non teñen un poste central que sosteña a armazón do teitado, senón que a forman dúas grandes vigas en ángulo que serven de cume, unindose a elas outras paralelas entre si nos muros rectos e con dúas augadas. Outras de planta rectangular teñen un pórtico saínte, no que se abre unha porta pequena dunha soa folla para o acceso do gando. O interior divídise con tabiques de madeira ou con *cañizos* que poden cubrirse con barro. Estes non chegan ao teitado quedando todas as dependencias comunicadas pola parte superior e así aparece o fume por todo o edificio. Dentro da armazón do teitado constrúese un espazo que servirá de pallar.

Algunhas casas dispoñen dun oco preto do teitado por onde se mete a palla e a folla de carballo que serve de alimento ao gando. Unha característica delas é que moitas veces fan verdadeiras agrupacións ou aproveitan as medianeiras para situarse ao longo dun camiño ou rúa. Outras subtipoloxías presentan unha planta case cadrada, de maior altura nos muros, coa fachada no lateral menor e a porta protexida por un pequeno portal. Tamén a planta pode ser alongada, con laterais con testeiro de lousas ou con tres testeiros, abríndose na cuberta de palla varios ocos para introducir a palla dentro.

A diferenza coa palloza é na planta, na distribución interior e no alzado, xa que moitas destas casas teñen unha planta rectangular con teitado a dúas augas (non cónico) e nunha das súas partes o teitado érguese sobre unha composición triangular, dándolle á cuberta un aspecto de ondulación.

Labrego e neno con construcción teitada ao fondo no Norte de León (d. 1960)

Muller e nenos con varias construccións teitadas ao fondo no Norte de León (d. 1960)

Casa teitada en Turienzo de los Caballeros (León), d. 1990

Casa teitada en Valcobero (Palencia), d. 1990

Os muros son de cachotería de lousa ou outro tipo de pedras como poden ser os croios, todo unido con arxila e palla esmagada. Os marcos poden estar feitos de pedra ou máis normalmente de madeira. A cuberta pode estar reforzada con *tapines* ou lousas. Non soen dispoñer de alicerces e érguense sobre o rochedo.

Entre as localidades que tiveron unha presenza importante deste tipo de casa están Lucillo, Pobladura de la Sierra, Quintanilla de Somoza, Turienzo de los Caballeros, Villar de Ciervos, El Ganso, Murias de Pedredo, Pedredo, Rabanal del Camino, Santa Colomba de Somoza, Viforcos, San Feliz de las Lavanderas, Porqueros, etc.

Na Cabreira, especialmente na Alta, as cubertas vexetais presentaban as mesmas características que nas comarcas descritas anteriormente, sendo escasa a planta en ele e frecuente a rectangular e practicamente inexistente a redondeada. Entre as localidades que as tiveron, algunha mesmo aínda conserva hoxe algún exemplar, son Truitas, Corporales, Valdavido, Truchillas, Quintanilla de Yuso, Villar del Monte, Manzaneda, Cunas, Villarino, etc.

A función da casa de cuberta vexetal na Cabreira cambiou de ser vivenda a converterse en corte ou palleiro. Sabemos que na década de 1920 xa o predominio era na cuberta das edificacións a lousa. A Cabreira Baixa só presentaba cubertas de palla nas construcións adxectivas como en Nogar ou Castrillo de Cabreira.

A área do Bierzo presenta varias tipoloxías de casas de cuberta vexetal, por un lado as semellantes ás existentes en terras dos Ancares lugueses, con pallozas de diferentes plantas: elípticas ou redondeadas, elípticas truncadas e plantas en ele, en localidades como Cantexeira, Suarbol, Valouta, Paradaseca, Vilar de Aceiro, Arxenteiro, Moldes, etc.

Xunto a estas existen tamén casas con cuberta vexetal de planta rectangular con dúas e tres augadas. Na metade do século XIX a súa presenza era masiva e única en numerosos núcleos como nos describe Madoz. Pero a introdución da tella e da lousa e por causa dos incendios foi desaparecendo a cuberta de colmo como sucedeu en Peñalba de Santiago. Incendios que afectaron moito foron os de Suarbol en 1957, Suertes en 1965 ou o acontecido no Campo da Auga.

As áreas próximas ao Bierzo, como os vales de Fornela tamén presentaban casas de cuberta de palla, con plantas redondeadas ou rectangulares como en Cariseda. Non obstante, en canto nos achegamos ás zonas máis orientais a cuberta de palla ía desaparecendo ou era máis escasa.

O espazo que comprende a montaña occidental, con cabeceira en Palacios del Sil, presentaba varios exemplares de casas de palla, normalmente de planta rectangular a dúas augadas, aínda que non faltaron exemplos con planta en ele. As comarcas da Babia e La Omaña foron moi ricas neste tipo de construcións e numerosos núcleos tiñan edificacións de cuberta de palla como Murias de Ponjos, Manzaneda, Villadepan, Curueña, Villarín, Andarraso, etc. Nalgunhas delas apreciase ou se apreciaban os muros laterais co beirado de lousas colocadas en escaleira. Algunha aínda hoxe presenta dúas plantas (Posada de Omaña, Villanueva

de Omaña, Torrecillo ou Castro de la Lomba) ou unha estrutura elemental dunha planta baixa (Robledo de Omaña, Sosas del Cumbral, La Urz, Valbueno).

Nas comarcas situadas máis ao leste as edificacións eran máis excepcionais, así nos Argüeyos algúns núcleos tiñan casas de palla, normalmente de planta rectangular e a dúas augadas. Na estrutura da construción eran máis simples que as enclavadas nas comarcas que están máis ao oeste.

Outras zonas como Riaño, Tierras de la Reina ou Prioro presentaban hai décadas casas cubertas de palla, algunhas con testeiro de lousas, pero outras cun alzado lonxitudinal. Caracterizábanse polos seus muros de cachotería moi irregulares, poucos ocos, teitado a dúas augadas reforzado con paus e estrutura interior de vigas de madeira. As mellores pezas de cantería aproveitábanse para os marcos de xanelas e portas. Algunhas dispoñían de forno.

Como característica singular nesta área a casa de cuberta de palla de planta rectangular presenta unha estrutura orixinal no teitado, xa que descansa sobre dous postes de madeira, chamados *horcas* que son dous grandes troncos de carballo ou faia, arrimados aos muros que sosteñen a cumieira. Outros postes están xunto os muros laterais que sosteñen a cuberta denominados *estelos*. Sobre a armazón de vigas de madeira vai unha cuberta de *cuelmu* reforzado con varas de carballo ou faia *(aspras).* Os muros son de cachotería unidos con arxila, deixando as mellores pezas traballadas para os recantos e os marcos de xanelas e portas. No interior hai un gran portal con entradas para a cociña, os cuartos e a corte.

Outras áreas de Zamora e Palencia tiveron casas con cubertas de palla. Así en Zamora nas terras de Alba ou Aliste existen persoas que lembran as casas cubertas de xesta e ás veces cando unha casa cae vese como debaixo da cuberta de tella existe outra de xesta (Alcañices). O norte de Palencia tamén tiña casas con cuberta vexetal, aínda hoxe existen restos na localidade de Valcobero, que até hai pouco conservaba unha casa de planta rectangular a catro augadas cuberta de palla. No resto do pobo xa cuberto de tella aínda por debaixo dos beirados pódese ver a palla ou a xesta.

2. Os hórreos

Varias e distintas son as tipoloxías de hórreos en Galiza, Asturias e Portugal que utilizan como técnica tradicional a cuberta vexetal. Entre elas temos:

2. 1. Os cabazos de varas.

A denominación cabazo adoptouse para aquelas construcións con planta máis ou menos circular, feitas con varas de vimbio ou corras de silvas, que se consideran como a forma máis primitiva de hórreo. Posteriormente por extensión ou asimilación este termo estendeuse a unha gran parte de tipoloxías de hórreos de planta rectangular, de xeito especial polo norte dos territorios coruñés e lugués e pola comarca asturiana do Eo-Navia.

O termo procede do latín capaceu, derivado así mesmo de capace, é dicir, cesto ou canastro feito con vimbio, posibelmente pola súa similitude na forma e nos materiais empregados na feitura coa arte popular da cestería.

Mais popularmente existen outras denominacións para esta tipoloxía de hórreo e así recóllense por diferentes bisbarras galegas cabaceiro (Palas de Rei, Guntín, Pereiro de Aguiar, Caldas de Reis), cabaceira (Agolada), cabeceiro (Silleda), cabeceira, cabiceira (Agolada), cabeseira (Boqueixón), cabaz, cabás, caínzo, canizo, cabana (Padrón), piorno (O Grove), canasto, canastro (Melón), calabozo, palleiro e vergueiro. Outras fontes recollen cabozo, calabós ou palleira, comúns a outras tipoloxías de hórreos galegos con teitos de lousa, tella ou granito.

A súa orixe é incerta, aínda que polo seu aspecto primitivo súponse que sería anterior á romanización do Noroeste peninsular. Algúns autores mesmo, como Xaquín Lorenzo, sosteñen a hipótese que puidesen existir nos castros prerromanos, relacionados cunha agricultura baseada na recolleita de produtos. Verdadeiramente non temos ningunha proba para poder asumir esta suposición. Por outra parte, tampouco podemos

asegurar que as distintas tipoloxías existentes na Galiza actual e no Norte de Portugal sexan resultado da evolución desta forma primitiva. Tan só unha das tipoloxías que neste artigo chamaremos cabaceiro e que se distingue da que aquí tratamos pola súa planta rectangular, co que gaña espazo, é sen dúbida, unha evolución do cabazo de varas de planta circular.

Cabazo de varas en Leboreiro (Melide), d. 1990

O etnógrafo alemán Fritz Krüger consideraba que este tipo de graneiro era a orixe do hórreo cuadrangular de tipo asturiano; os autores portugueses Jorge Dias, Ernesto Veiga de Oliveira e Fernando Galhano remontaban a súa orixe ao Neolítico. Mentres o xeógrafo italiano Pracchi cría imposíbel unha evolución do cabazo de varas cara ao cabaceiro e de aí ao hórreo de madeira, pero tamén é certo que este autor descoñecía os cabaceiros de planta rectangular entretecidos de varas. Os etnógrafos asturianos Armando Graña e Joaquín Álvarez dubidan da hipótese dunha evolución do cabazo cara á tipoloxía do hórreo de tipo asturiano e opinan que: *"(…) un modelo substitúa a outro non supón necesariamente que se produza unha evolución entre os dous, e que o máis sinxelo dea orixe ao máis complexo (…)* e engaden que existe unha diferenza fundamental que é o tipo de cuberta, nun cónica e noutro piramidal.

Existen moitos máis interrogantes, se na actualidade esta tipoloxía serve para almacenar o millo, podemos preguntarnos antigamente que se xuntaba neles. Se cadra o millo miúdo, pero a espiga deste cereal é pequena e trátase dun vexetal que resiste abondo a seca, pero é moi sensíbel ás xeadas. Aínda así, a maior concentración de cabazos de varas existente hoxe en día na Galiza atópase nas serras centrais galegas e nalgunhas das chairas interiores de clima máis duro.

Cabazo de varas en Ligonde (Monterroso), d. 1980

O millo miúdo require terreos férteis e estas zonas tampouco pódense considerar como as máis axeitadas para este tipo de cultivo.

Unha hipótese abondo viábel é que servisen para a almacenaxe, tras a súa recolleita, de froitos silvestres como as landras, as castañas, etc. Se o home gardaba primeiramente segundo algunhas investigacións os produtos recollidos en recipientes de barro ou cestería, podería derivar despois cara á construción de estruturas que permitisen loitar contra as condicións climáticas e as incursións dos animais.

Da súa antigüidade temos escasas mostras, un dos exemplos é un gravado de Fernando Pato titulado "Concello na eira" editado no xornal *El Ferrocarril Compostelano,* datado no ano 1857, que presenta xunto a un hórreo de planta rectangular unha estrutura que podemos recoñecer como un cabazo de varas. Máis impor-

Cabazo de varas en Casanova (Pereiro de Aguiar), 2003

Cabazo de varas en Hospital, Mera (Lugo), d. 1980

tancia temos que conceder á descrición realizada polo Padre Luis Alfonso de Carvallo na súa obra *Antigüedades y cosas memorables del Principado de Asturias* rematada na súa redacción no ano 1613 e editada en 1695 onde se refire á zona occidental asturiana dicindo *"(...) Usase aun en Asturias esta manera de texido, pues vemos algunos graneros que llaman Orrios, hechos de barretones, texidos con varas, tan firmes , y seguras, que aunque están encima de quatro palos, expuestos à los ayres, y tempestades, y cargados de pan, y otras cosas, lo sufren todo, sin hazer vicio;y los destajos, y implentas de casas en muchas partes son de lo mismo, y de esto eran (como diximos) las casas que edificaban en Bretania".*

Descoñecemos a expansión xeográfica que cita este autor da tipoloxía de cabazos de varas dentro do territorio asturiano, o que é evidente é que se atopaba na parte suroccidental e como pensan algúns autores como Ignacio Martínez espallaríase de xeito preferente ou exclusivo á comarca do Eo-Navia con máis analoxías co feito cultural galego. Non obstante, a utilización de varas entretecidas nos muros da cámara dalgún exemplar de hórreo do concello de Parres (Llagu), na protección dos *mandiles* de corredores desta mesma tipoloxía (Parres, Llaviana, etc.) ou a separación de tabiques interiores (Mieres) fainos pensar que este tipo de técnicas foron moito máis frecuentes que na actualidade e que se espallan dentro da arquitectura tradicional asturiana en numerosas ocasións nalgunhas partes das estruturas arquitectónicas e nos obxectos da cultura material: valados, portelas, muros de casas e construcións adxectivas, tabiques interiores de teitos e outras edificacións, caínzos das cociñas, laterais das caixas dos carros, *carreñas*, etc.

O mesmo acontece en moitas casas de comarcas do territorio leonés con tabiques interiores entretecidos como no Bierzo, La Maragatería, A Cabreira, La Omaña, etc., ou en comarcas de Zamora como a Seabra onde se denominan *cañizos* ou en Aliste.

Outra referencia interesante é a denominación dos muros dos hórreos de tipo asturiano no concello de Ibias ou en Navia de Suarna (Rao), chamados no seu conxunto sebes, termo que en galego alude claramente ao valado feito con estacas e varas entrelazadas, corras, silvas, etc., é dicir, con materiais vexetais entretecidos, para cercar unha leira ou terreo.

As similitudes con outros graneiros europeos son moi evidentes, dun xeito especial cos existentes en Romanía, Croacia, Bosnia, Macedonia, Bulgaria e Hungría. Na Galiza o espazo xeográfico actual que abrangue xa é relictual pero aínda ollase nos concellos de Pereiro de Aguiar, Melón, Caldas de Reis, Rodeiro, Dozón, Agolada, Monterroso, Antas de Ulla, Palas de Rei, Friol, Guitiriz, Lugo e Melide. Sabemos por informantes da súa presenza no pasado nos concellos de Lalín, Silleda, Forcarei, Campo Lameiro, Cuntis, Cotobade, Mondariz, Fornelos de Montes, A Estrada, Padrón, O Grove, A Coruña, Boiro,

A Laracha, Moeche, Ortigueira, Ordes, Compostela, Oroso, Santiso, As Pontes, San Sadurniño, Boqueixón, Arzúa, Carballedo, Chantada, Taboada, O Saviñao, Portomarín, Guntín de Pallares, Begonte, Outeiro de Rei, Vilalba, San Cristovo de Cea, A Peroxa, Vilamarín, Nogueira de Ramuín, Maceda, Allariz, Taboadela, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, etc.

En Portugal aparece no sector de Minho entre os ríos Miño, Limia, Cávado e Támega. Tivo no século XIX unha presenza e expasión moi importante e na década de 1960 polas frecuentes chuvias, pero hoxe entrou en decadencia e só xa é observábel en poucas comarcas, as máis delas interiores e montañosas. As súas denominacións máis comúns son canastro de verga, de varas, de arge, de vergueiros ou caniços. As distintas subtipoloxías presentes nestas bisbarras portuguesas son moi semellantes ás galegas, tan só cambia ás veces a nomenclatura das pezas (corucho, espeques, liço, forqueiras, etc.).

A diferenza cos existentes na Galiza é a súa maior variedade en tipoloxías, unhas máis semellantes ás galegas (pequenas e baixas) pero outras son de maior altura e de dimensións máis amplas.

A estrutura desta tipoloxía presenta na Galiza dous subtipos, un deles está apoiado sobre catro pés de carballo ou castiñeiro con cadansúa lousa torna-ratos ou mesmo sen ela, onde se apoian catro vigas (as padias), normalmente de carballo, que se encaixan nos recantos unhas con outras.

Estas vigas son algo curvas na parte media en moitos exemplares para que sexa máis doado facer a cámara de varas coa forma redondeada que os caracteriza e formar o corpo principal. A estas engádense varias táboas que forman a mesa ou piso do cabazo e as catro vigas fúranse para colocar as varas verticais (estadullos), que constituirán a guía para tecer o cesto do cabazo. Este conxunto é o que se chama a grade do cabazo, que nalgúns exemplares posúe unha pequena porta para quitar as espigas de millo.

Para tecer o corpo precísanse varas (corres, corras, correas, pólas) de distintos materiais. Deste xeito utilízase o salgueiro, a mimosa, o piñeiro, o vimbio, o loureiro, a xesta, a abelaira, o carballo, o bidueiro, o castiñeiro, etc., normalmente aquelas plantas e árbores con materiais flexíbeis e fáciles de torcer coa man e moi relacionados co medio natural no que vive o labrego. Neste corpo faise unha pequena porta naqueles que a teñen, xa que outros non precisan desta portiña porque as espigas de millo cóllense erguendo o teito ou por un furado que hai nel. Tamén dase a situación de cabazos con dúas portas, unha na parte inferior e outra no teito.

A existencia de varas dispostas dun xeito diagonal danlle ao cabazo máis resistencia. A cubrición faise con palla de centeo (colmo), trigo ou millo, adoptando unha forma cónica. No remate póñense varias corras en círculos para suxeitar a parte do cumio (o denominado carapucho) e facelo resistente contra o vento e a chuvia, sistema presente tamén nos hórreos de tipo asturiano con cuberta vexetal. Para suxeitar o cabazo colócanse varios paus como soporte aos lados para sostelo e protexelo contra o vento, son os arrimos e para acceder ao carapucho facíase mediante unha esqueira (Ansemil).

Os cereais e os produtos recolleitos son introducidos polo teito que se ergue enteiramente ou por un pequeno furado realizado nun dos seus lados.

O outro subtipo participa das mesmas características que o primeiro descrito, quitado o seu punto de apoio, que resulta ser unha mesa feita de cachotería que é a base do corpo e das catro vigas (Leboreiro). Tamén os pés de madeira podían estar substituídos por outros de pedra, normalmente de granito ou por pezas deste mesmo material postas como se dunha soa columna se tratase baseada en módulos.

A técnica construtiva nas parroquias de Ansemil e Carboeiro (Silleda) consistía en cortar ramas verdes (verghastras de vimios) no minguante (ou como din outros informantes na lúa vella), meténdoas despois un ou dous días en auga para que abrandasen e a partir de aquí xa se facía o proceso descrito anteriormente.

Unha das ideas máis espalladas é a súa fraxilidade e ser perecedoiro no tempo, pero tal teoría non se

corresponde coa realidade, sabemos hoxe que algúns exemplares que se manteñen en pé xa se erguían nas décadas de 1920 e 1930, como algúns de Pereiro de Aguiar ou Caldas de Reis respectivamente, o que bota abaixo a idea que só duran uns cinco ou seis anos. É certo e así o afirman moitos dos informantes que esta tipoloxía respondía moitas veces á pertenza a casas pobres que non se podían permitir a construción doutra tipoloxía de madeira ou de pedra, ou adoptaban un carácter subsidiario cando a colleita era moito maior do esperado naquelas casas que tiñan outro tipo de hórreo, de xeito normal o de cámara de madeira.

2. 2. Os cabaceiros

Esta tipoloxía representa unha evolución do cabazo de varas de planta circular ou elipsoidal, gañando en espazo e presentando unha planta rectangular, alongada e estreita, onde se utiliza a mesma técnica construtiva que no caso anterior. Unha cámara con varas verticais onde se van entrelazando outras horizontais até completar a estrutura. Normalmente están sostidos por pés de madeira ou pedra (granito por exemplo), pero

Cabaceiro en Guldriz de Abaixo (Friol), d. 2000

Cabaceiro en Condes (Friol)

noutros casos mesmo apoiábanse en muros de cachotería (cepas) como acontecía no concello de Oleiros (Perillo) polas informacións que temos do autor Juan López Soler, e soen presentar torna-ratos. Nun lateral dos máis curtos ábrese unha porta de madeira.

O teito é a dúas augadas, con cumieira no vértice, con palla de centeo, millo ou con ramas de xesta. Algúns deles teñen varias variñas lonxitudinais que suxeitan os feixes de palla.

Deberon de estar máis espallados do que hoxe en día podemos admirar, xa que os exemplares son moi escasos e circunscríbense a concellos como Friol (Guldriz), Palas de Rei (Carteire), A Coruña (Alvedro) ou Carral (Canedo). No pasado temos constancia dunha maior presenza noutros concellos como Friol (Condes), Guitiriz, Lugo (Ombreiro), Coristanco (Agualada), A Laracha (Caión), San Sadurniño (Leboreiro), Cambre (Barreira), A Coruña (Someso), A Estrada (Fontenlo, Couso), Lalín, Moeche, Ortigueira, etc. Non presenta unha área de difusión xa que atopanse e atopábanse en lugares moi distantes entre si dentro da Galiza.

A maior parte deles tiña cuberta vexetal, que despois, co paso do tempo, substituiuse por tella ou outros materiais (folla de lata, fibrocemento).

Esta tipoloxía tamén estaba presente no Norte de Portugal, sendo hoxe moi escasa, pero no século XIX aínda era visíbel en moitas aldeas e a súa área de expansión moito maior. Como acontece na Galiza aparecía en áreas moi dispersas unhas das outras, en Paredes de Coura, Arcos de Valdevez, Ponte da Barca ou Ponte de Lima. Un dos aspectos interesantes foi a utilización para a súa construción en Lamas de Olo, na Serra do Marão, de chedeiros de carros, portas e madeiras vellas.

2. 3. As palleiras

Representaron unha das xoias arquitectónicas do patrimonio etnográfico galego e xeograficamente sitúabanse no concello de Poio. Desaparecidas a principios da década de 1980, podemos consideralas como unha subtipoloxía dentro dos hórreos feitos con paredes de materiais vexetais.

A técnica de entretecido tamén era moito máis orixinal que nos cabaceiros de tipo normal, o mesmo que as súas dimensións construtivas.

A estrutura compoñíase de seis columnas (pés ou postes), feitas de granito, que se apoiaban sobre outra pedra situada no chan (soleira ou zapata). Na parte superior unha nova pedra actuaba para escorrentar os ratos (torna-ratos, capa ou tapa) e por enriba catro vigas de madeira, normalmente de castiñeiro, encaixadas entre si nos recantos (padieiras ou cáceres).

Palleira en Porto Santo (Poio) nunha postal da década de 1910

A base do piso construíase cun número indeterminado de pequenas vigas (pontóns), unidas ás catro anteriores. Estas últimas sosterían a cámara, ancha e baixa, entrelazada gracias á realización de varios furados nelas nos que se instalaban uns paus de xeito vertical (espichos), normalmente de madeira de carballo, polos que se facía o entretecido cunha técnica de entrelazo para dentro e para fóra, con vimbios, salgueiro ou toxo (constrás).

O teito era de palla con dúas vertentes, suxeito por uns paus (tringas) tanto verticais como horizontais que servían para protexer o corpo máis alto da palleira, especialmente do vento.

A armazón interior do teito estaba formada por unha viga que unía as dúas vertentes do tellado (cume, cumio ou cumo), e paralelas a esta outras máis de xeito horizontal (ripas ou ripias). Sobre a parte entretecida ían outras vigas de madeira, tamén chamadas padieiras e sobre as de xeito vertical poñíanse outras máis pequenas que chegaban até o cumio, eran os cangros ou concrios.

No interior, ademais, para soster o teito levaban dúas vigas curvadas, unidas por un torno de madeira (chuso), chamadas tixeiras ou tercios. Este tipo de sistema e a forma en que se emprega a madeira proporcionanos a consideración do primitivismo e antigüidade que posuía a súa técnica construtiva.
En ningunha parte da palleira existía unha peza de ferro na estrutura principal e as distintas partes sempre xuntábanse mediante tornos de madeira como nas tixeiras ou na trabazón das padieiras. Normalmente só tiñan unha porta de táboas verticais situada nun dos laterais pequenos e onde se utilizaron posteriormente bisagras.

No seu interior acollían diversos produtos da colleita, como trigo, millo, centeo, allos, patacas, etc., e a parte das soleiras era, ás veces, utilizada para o secado das cabazas e outros froitos.

Algunha delas na parte da entrada e preto do teito chegaron a ter até pequenos pombais e cando perdían a cuberta de palla substituíase adoito por tella, a maior parte das veces pola de tipo cadrado.

2. 4. Os hórreos de tipo galego

Unha das tipoloxías pouco estudadas polos etnógrafos referíndonos á cuberta, son aqueles hórreos galegos de planta rectangular con materiais vexetais. Coidamos que dada a expansión das cubertas de palla tiveron que estar moi presentes en moitas bisbarras galegas en épocas pasadas. De todos os xeitos se miramos as miniaturas das Cantigas afonsíes onde están representados dous hórreos, un deles coa cuberta pintada de azul o que nos fai pensar na lousa, e outro de vermello na tella. Aínda así é de supoñer que moitos exemplares estarían cubertos con palla.

Arredores da Guarda con hórreo con cuberta vexetal (d. 1910)

Mais, en cambio, hoxe aínda atopamos algún exemplar illado, preferentemente na área das serras centrais galegas ou no sur do territorio ourensán. Poderíase considerar como unha solución doada para o labrego para evitar o labor de instalación de tella ou granito e aínda así a renovación da cuberta polo seu deterioro co paso do tempo é precisa. A cuberta de palla suxeitase con pequenas pedras na cumieira para que o vento non a desfaga.

Das poucas informacións das que dispoñemos, son hórreos con cámara de madeira enteira, algún deles con laterais de granito ou con pezas do mesmo material moi rústicas. Así sabemos que existían exemplares desta tipoloxía de cuberta nos arredores da Guarda nas primeiras décadas do século XX (1910), na década de 1970 había outros exemplares nos concellos de Bande, Poio ou Dozón. Tamén na Fraga (Lobeira), segundo o arquitecto Pedro de Llano había un exemplar cuberto con terróns. Noutros concellos a súa presenza é testemuñal: Entrimo, Amoeiro, etc.

En Portugal aínda hoxe en día existen hórreos desta tipoloxía de planta rectangular cubertos con palla como en Castro Daire (con cámara enteira de madeira) e supoñemos que foron moito máis frecuentes que na actualidade pola información que nos deixaron autores portugueses ou Fritz Krüger sobre localidades como Montalegre ou Arcos de Valdevez.

2. 5. Os hórreos de tipo asturiano

O hórreo de tipo asturiano espállase por Asturias, Cantabria, o Leste de Galiza e o norte do territorio leonés, pero a cuberta vexetal presenta un área moito máis restrinxida dentro destas zonas, aínda que no pasado foi máis extensa. Así, en Asturias circunscríbese aos concellos de Sumiedu, Cangas de Narcea, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos e Vilanova de Ozcos. Existiu antigamente nos concellos de Santalla de Ozcos e Degaña e foi moito máis numeroso no de Sumiedu (do que hoxe só temos un exemplar) e Cangas de Narcea. Non obstante, existen referencias documentais de séculos pasados que certifican a súa presenza noutras áreas occidentais e centrais asturianas.

Na área oriental do territorio lugués sufriu un retroceso importante desde a década dos anos oitenta, aínda así consérvanse exemplares nos concellos da Fonsagrada, Pol, Cervantes, Navia de Suarna, Baleira, Baralla, Becerreá, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro. Tamén existiron en Castroverde, Triacastela e A Ribeira de Piquín. En cambio non hai constancia da súa existencia nos concellos da Pontenova, Riotorto, Meira e Negueira de Muñiz.

Hórreo teitado en Santa Comba dos Coutos (Ibias), d. 1990

Hórreo teitado con beirado de lousa en San Martín de Ozcos, d. 1990

Nas comarcas do territorio leonés consérvanse algúns exemplares no Bierzo, Babia e L.laciana, e tamén sufriron un descenso paulatino. Varias son as causas da desaparición desta tipoloxía, por un lado, a falta de material (palla de centeo) para cubrir o teito e por outra a desidia das administracións por conservar estes elementos tan singulares. O tipo de material empregado é a palla ou a xesta (Sumiedu, Cangas de Narcea).

Dentro da propia tipoloxía podemos describir dúas subtipoloxías determinadas en boa medida polo que é o tipo de cuberta empregada. Unha delas, presenta unha armazón interior de vigas moi piramidal, coas táboas que pechan a cámara dunhas dimensións normais. A cuberta faise normalmente co sistema denominado *a facha* ou *a paleta.* A outra subtipoloxía presenta as táboas do zarramento da cámara máis baixas e a cuberta amósase moito máis aplanada e mesmo redondeada sobre a armazón de vigas interiores de madeira e soe corresponder coas cubricións feitas co sistema chamado *a veo* ou *a baguna.*

Hórreo teitado en Crende (Pol), d. 2000



A operación de cubrición denomínase colmar e faise comezando polo bordo coa espiga mirando ao cumio, conseguindo varias capas de colmo húmido, para que se xunten e non esvaren. O sistema de *a veo* consiste en amarrar o colmo por unha serie de ringleiras entrelazadas de xesta, uz ou piorno. O outro sistema denominado *a facha* realízase con feixes de palla suxeitos chamados mandas, manadas ou manizas, que se unen cos vrincallos (ligaduras que se fan con palla, xesta, etc.).

Algúns exemplares combinan boa parte da cubrición de palla cun beirado de lousas ou cunhas poucas fileiras destas, resultado ás veces da substitución dun material por outro pouco a pouco ou xa que fosen así cubertos inicialmente (L.larón, Pasarou, San Martín de Ozcos, Hío, Vilares de Arriba, A Braña, Castañeiras, etc.).



Os pés que sosteñen a súa cámara poden ser de pedra (Piornedo) ou madeira, sendo os segundos os máis frecuentes e os tamaños moi diversos.

Os distintos compoñentes destes tipos de hórreos (normalmente chamados horros, hurros ou hurrios) non varían de máis segundo as zonas xa descritas. Os pés do hórreo sostéñense nunha pedra e pola parte de enriba levan outra para evitar os ratos (a rateira), sobre a que se asentan catro vigas que encaixan nos recantos (as cuadras), onde se engarzan as táboas da cámara que reciben o nome de sebes (Ibias) ou no seu conxunto zarrume ou zarramento (Os Ozcos, A Fonsagrada) sobre as que se colocan outras catro vigas (os sobrevigos ou rodalos) que sosterán toda a armazón da cubrición do teito.

Na esquina pode existir unha pequena madeira que serve para darlle máis consistencia á estrutura (é o gato). A cuberta piramidal componse de catro vigas fundamentais (os aguilois) e despois dun conxunrto delas dispostas dun xeito horizontal (ripias) ou vertical (cangos, netos). Sobre estas ponse a palla e no cumio unha pequena pedra ou un recipiente de barro ou xa posteriormente de ferro (é o cume, pirula, curuto, etc.).

A base ou piso do hórreo forma no seu conxunto a chamada grade do hórreo feita con varias vigas horizontais denominadas pontós ou pontois ou ás veces tamén traveseiras. Algúns exemplares teñen corredores de pequenas táboas dispostas verticalmente que os recobren, chamadas doelas, que poden estar reforzadas con outras horizontais (as zarranchas). O acceso á cámara pode ser a través duna escaleira de pedra ou cunha de madeira de man, complementada por outra máis pequena que se sitúa na zona das cuadras, chamada taolla.

Nos Ozcos (Morlongo), a rateira denomínase soleira, as cuadras trabas e o cume pucho. No concello de Ibias (Liares) os pés chámanse canteiros, as cuadras escuadras, as rateiras soleiras, o zarrume sebes e cada unha das táboas traba, as vigas do teitado cangos e as do beirado beiras e o cume capilocho.

Nalgunhas comarcas leonesas o pé denomínase horcón, a cuberta teito, a trabe cuadral e as vigas ripias e canteados.

2. 6. Os hórreos de tipo leonés

Actualmente posuímos ningún exemplar desta tipoloxía que estea cuberto con palla, pero o autor Hans Friedrich Gadow na súa obra *In Northen Spain* amósanos unha fotografía de finais do século XIX dun deles na vella localidade de Riaño con cuberta de palla a dúas augadas. Polo tanto, presumimos que no século XIX existiron moito máis hórreos leoneses cubertos con palla ou mesmo algúns dos actuais cubertos de tella estiveron de palla.

A estrutura destes hóreos está formada por catro pés, planta rectangular, catro trabes de madeira sobre os torna-ratos e cámara con táboas dispostas dun xeito vertical ou máis común horizontal. Cubríanse con palla a dúas vertentes e para suxeitala e reforzala contra as inclemencias climáticas colocábanse varios paus, uns seguindo a cumieira e outros a pendente da cuberta.

2. 7. Outras tipoloxías de hórreos portugueses

Diversas tipoloxías de hórreos portugueses tamén cubríanse con palla como aqueles cunha planta máis cuadrangular da zona de Paredes (Sobreira), con pés de granito, torna-ratos e cámara de madeira con doelas verticais reforzadas con outras horizontais. Outra das tipoloxías era a dos espigueiros altos da área de Montalegre, feitos sobre pés de madeira e unha cámara estreita que se vai agrandando conforme se achega ao teito e con táboas de madeira ben escuadradas. A cuberta de colmo reforzábase con pedras no cumio para evitar o vento.

3. Os muíños

Os muíños con cuberta vexetal son hoxe en día moi escasos. Seguramente que na Galiza existiron, pero hoxe non dispoñemos de ningún edificio con este tipo de cuberta. En cambio, si os atopamos en Asturias, concretamente temos un bo exemplar na localidade de L'Auteiru (Sumiedu), de planta cuadrangular e muros de cachotería, preferentemente de caliza, e pedras máis coidadas nos marcos da porta de acceso e na xanela.

Posúe dous pisos, un onde se atopa todo o mecanismo do muíño e outro no que se empraza o rodicio, unha estrutura de madeira interior sobre os muros que non diverxe dos teitos e a cubrición tan característica de xesta, presente en todo o concello. Sobre esta apuntálase o cumio con corras e varios paus verticais sobre a pendente do teito. Neste concello asturiano hai constancia da existencia en épocas pasadas de máis muíños teitados.

Outros exemplares a salientar que mantiñan a súa cuberta vexetal na década de 1990 sitúabanse nalgunhas localidades leonesas como Santibañez de Lomba, Oterico, Iruela, San Martín de Agostedo, Murias de Pedredo, etc., caracterizados por unha planta rectangular ou cuadrangular, de pequeno tamaño, muros de cachotería unidos con arxila, porta de acceso con marcos de madeira e xanela da mesma composición. Nos laterais aparecen os típicos testeiros feitos con lousas escalonadas. A cuberta de centeo *(cuelmu)* cunha estrutura interior de vigas de madeira era a dúas augadas. Este tipo de muíño existiu noutras comarcas leonesas e hoxe en día perviven aínda que perderon a súa primitiva cuberta. Tamén existe documentación antiga sobre muíños cubertos de palla na localidade de Suárbol.

Dúas fotografías do muíño de L'Auteiru (Sumiedu), d. 1990

Os exemplos máis numerosos nestes momentos atopámolos nas terras portuguesas do Norte. Xa a principios do século XX existían conxuntos de muíños ou aceas teitados no río Cávado (preto de Braga), e agora quedan, por exemplo, algúns exemplares como na área de Montesinho (Bragança). Son pequenas construcións de planta máis ou menos rectangular, con muros de cachotería de granito e coas mellores pezas de cantería nos marcos das portas de acceso. A cuberta de colmo adáptase á orografía cunha disposición a dúas augadas e suxeitada, como en tantos outros exemplos de edificacións de cuberta vexetal, con paus dispostos de xeito horizontal, mesmo rústicos troncos de árbore sen labrar como na zona de Vinhais.

Outra área onde sabemos que existiron foi na Seabra, concretamente en San Ciprián. Na década de 1920 Fritz Krüger recolle unha fotografía dun pequeno muíño de planta rectangular, con muros de cachotería e as mellores pezas de cantería nos marcos da porta e no furado do varón. A cubrición cmpletábase cun pequeno beirado de lousas moi irregular e o colmo disposto sobre as vigas de madeira nunha disposición de dúas augadas e cun pau horizontal na cumieira como reforzo.

4. As cabanas

Entre as construcións adxectivas as cabanas, cabanóns, palleiras, palleiros, combarrizos, tanadas, alpendres, garaixes, alprendes, alboios, cabanos, combarros, cubertos, palletes, pallotas, pallotes, pendellas, pendellos, etc., segundo a denominación nas distintas comarcas galegas, son, sen dúbida, as máis numerosas. A maior parte delas feitas con materiais moi rudimentarios e alonxadas das técnicas construtivas máis complexas. Nalgunhas comarcas asturianas denomínanse cabanas, cabanois ou alpendres como na eonaviega (Castropol, Coaña, El Franco).

Unha das tipoloxías consiste na construción dun muro de cachotería ou o aproveitamento do mesmo para despois a través de dous postes de madeira asegurar unha cuberta de palla dunha soa augada cunha pendente importante, suxeitada ademais por varios paus (Sarria, Riotorto, Portomarín). Tamén se aproveitan espazos existentes entre as vivendas e construcións anexas á casa para poñerlles un teito e uns postes de madeira cunha armazón de vigas interiores que cobren con palla. Estes postes de madeira ás veces vense substituídos por pequenas columnas de cachotería (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).

Outra tipoloxía máis elaborada preséntase exenta, feita con muros de pedra que abranguen unha planta rectangular que só ten o espazo aberto da entrada con vigas interiores de madeira, que moitas veces na fachada forman un triángulo e despois a cuberta de palla, suxeitada por un pau na cumieira ou por varios de xeito horizontal pola vertente das dúas augadas (Castro de Rei, Vilalba, Arcos de Valdevez, A Fonsagrada, Alfoz, Mabegondo, Friol, etc.).

Nesta tipoloxía e especialmente nos concellos do norte do territorio lugués (Alfoz,





O Valadouro, A Pastoriza, Muras, etc.) existe unha maior perfección e coidado nas técnicas construtivas. Deste xeito aínda hoxe sorprende o importante número de exemplares de palleiras, cun corpo de madeira e cuberta de palla ou xesta ou nas que interveñen pequenos muros ou piares de granito.

Os exemplares máis amplos en planta e altura presenta muros moi baixos feitos con cachotería de granito, dous pisos e cuberta de palla ou xesta a dúas augadas con forte pendente. Os laterais configuran un triángulo moi alto pechado con táboas dispostas de diferente maneira, unhas verticais completamente xuntas e outras máis separadas para acadar certa aireación no interior do edificio e o remate resólvese con varias táboas di spostas horizontalmente até o cumio. A armazón interior é integramente formada por vigas de madeira e a porta ábrese no baixo na parte central soendo ter dúas follas.

Algunhas destas edificacións teñen importantes dimensións, especialmente na comarca da Montaña no territorio lugués (A Fonsagrada, As Nogais), cun espazo intermedio para gardar a palla e un piso para o carro e outros apeiros. E mentres nalgúns exemplares a fachada deixase aberta noutros existe unha cancela grande feita con táboas verticais reforzadas con outras horizontais e diagonais.

Semellantes na estrutura construtiva aínda que con muros de cachotería ben rematados, con pedras máis amplas nos marcos das portas e cubertas de colmo, aínda quedaban exemplares nalgúns concellos centrais galegos como Dozón na década dos oitenta do século XX.

Outras fanse con táboas de madeira, postes e vigas, ás veces non dispostas dun xeito moi regular, pero normalmente cunha disposición vertical sobre as que se dispón a cuberta vexetal (Portomarín, Grandas de Salime).

Algunhas delas posuían un corpo intermedio entre o formado polos muros ou por catro columnas e o teito, cunha especie de faiado utilizado para varias funcións (Castropol).

Estas construcións adxectivas están espalladas por toda Galiza en lugares moi dispersos (Muíños, O Irixo, Baltar, A Gudiña, etc.), no Norte de Portugal, na comarca asturiana do Eo-Navia, e en diversas comarcas do norte do territorio leonés. Nas áreas occidental, central e oriental de Asturias existiron noutras épocas, así Fritz Krüger falando sobre Vil.lar de Bergame (Cangas de Narcea) di : *"fóra dos hórreos, existen nesta pro-*

Construcciónes teitadas nos arredores de Vilalba (d. 1960)

Pallar teitado e rapazas en Colunga (d. 1950)





vincia moi interesantes cabanas redondas, entretecidas de varas de abelaira, postas algunhas veces sobre pequenos piares, e están cubertas xeralmente de palla". Outras na zona oriental, presentaban un corpo de madeira e cuberta de escanda.

No norte de Portugal existen varias subtipoloxías, aínda que algunha da zona de Arcos de Valdevez caracterízase por combinar a utilización da madeira coa pedra. Os chamados cabaneiros presentan unha planta rectangular, con postes verticais de granito situados nos catro recantos da construción e despois cóbrese o espazo con táboas de distinta feitura e unha porta. Teñen dous pisos, un baixo onde se poden gardar apeiros e outros produtos e un segundo onde se almacena a herba cunha pequena porta e sección triangular que se adapata á cuberta de palla reforzada con paus na cumieira e en parte da pendente. O sistema de vigas interior fundaméntase en dúas vigas horizontais postas sobre os catro postes de granito nas que apoiarán outras horizontais e as inclinadas do teitado tanto as de tamaño longo como aquelas máis curtas que completan a estrutura.

Adoptan multitude de funcións, así poden servir para recoller distintos apeiros de labranza (arado, grade, escada de man, etc.), de xeito especial o carro para protexelo do sol e da chuvia e posteriormente o tractor, até converterse en cortes ou pallares. Nestes últimos o feno métese xa seco para que se conserve ben, precisando que circule o aire no interior. Tamén poden gardar a leña protexéndoa da chuvia. As cubertas vexetais son, tamén, de moi diversos materiais, enpregándose o centeo, o trigo, a xesta (A Terra Chá), a escanda (antigamente na zona oriental asturiana) ou o millo (Riotorto).

Tipoloxías semellantes dánse por todo o noroeste peninsular con funcións, ás veces moi restrinxidas, pero con aspectos arquitectónicos xa descritos anteriormente como acontecía con talleres de zoqueiros (Portomarín).

Nas comarcas zamoranas de Sayago, Aliste ou Alba moitas das construcións secundarias, feitas con muros moi rústicos de cachotería e sostidas con postes de madeira teñen unha cuberta de vigas interiores de madeira que se cobre con xesta como en Bermillo de Alba, Tola, Villaflor, Pino del Oro, Losilla del Alba, Escober, Domez, Litos, etc. A súa función consiste en albergar apeiros, o carro, a leña, etc. Asemesmo varios dos portalóns de acceso ás casas están tamén cubertos con materiais vexetais comunmente xesta.

4. 1. Os palleiros

Trátase dunha construción adxectiva sobranceira á que se debe adicar un apartado dentro das edificacións anexas e pola importancia que tiveron para o labrego, especialmente nas áreas do leste do territorio lugués, Norte do Bierzo e área eonaviega asturiana.

Normalmente moitos dos estudosos da etnografía destas terras confudíronnos con pallozas por estar teitados, pero teñen algunhas diferenzas: unha planta

Celeiro en Paradavella (A Fonsagrada), d. 1990

Palleiro en Brañela (A Fonsagrada), d. 1980

Palleiro en Santiso (Ibias), d. 1990

Palleiro en Busto (Ibias), d. 2000

máis pequena, que pode ser cadrada, redonda ou elipsoidal e unha función completamente distinta á palloza, a de servir de palleiro ou corte, pero sen ter nunca lareira nin forno ou ser aproveitado como habitación cando eran moitos os membros dunha familia. Algunhas das pallozas anteriores despois co uso do tempo convertiríanse en palleiros.

Xa os cita o Catastro da Ensenada nos Ancares chamándoos *"caseta pajaza"* e deberon ser abondo numerosos. En Paradavella (A Fonsagrada) denomínanse tamén celeiros.

Poden ter unha ou dúas portas, sendo unha delas para o acceso do carro. Hoxe están en período de desaparición pero quedan algúns exemplos no concello de Ibias (Santiso, Busto), no leste lugués (Vilargüide, Sevane, Rao, Vilar do Son, San Pedro de Río, Paradavella, Piornedo, etc.) e existiron en moitas das localidades de Navia de Suarna, da Fonsagrada (Brañela, Seoane, Mourisco, etc.), de Becerreá (A Cortella), Baleira (Pereira) ou de Ibias (Cuantas). Ademais de ter aínda exemplos hoxe cubertos de lousa nos concellos de Vilanova de Ozcos e Castropol. No norte berciano hai algún exemplo hoxe na localidade de Suárbol.

Emparentados con eles están os palleiros que existían nas leiras, de planta cuadrangular e cuberta de colmo, a dúas augadas e cunha soa porta. Servía para a protección do labrego e para gardar as ferramentas.

Outra construción semellante era o bodego, unha vivenda de poucas dimensións ocupada por labregos pobres, de planta rectangular, colmada e despois lousada co paso do tempo. Estaban divididos en dúas partes, unha para as persoas e outra para os animais e por enriba un palleiro (o parreiro).

4.2. As cortes e pallares

Un bo número destas construcións adxectivas serán cortes para os animais e pallares, constituíndo toda unha tipoloxía propia, especialmente no territorio leonés.

Así deste xeito, ao igual que as casas estes edificios presentan as mesmas características: muros de cachotería unidos con arxila, marcos de pedra ou madeira nos ocos de portas e ventás, armazón interior de vigas de madeira con cumio, cangos e ripias e cuberta de colmo a dúas (Turienzo de los Caballeros, El Ganso, Murias de Pedredo, Lucillo, Valdeón, Riaño, San Ciprián de Seabra, etc.) ou catro augadas (Malpica de Bergantiños). Algúns deles presenta un espazo intermedio entre o piso e o teito, unha especie de faiado e nalgunhas ocasións o piso é de madeira. Nos laterais, adoito nas comarcas leonesas aparecen os testeiros de lousa escalonados (Fornela, L.laciana, La Maragatería, A Cabreira, Babia, La Omaña, etc.) unidos con ringleiras de lousas que se colocan por enriba dos muros de cachotería formando o beirado do tellado.

Palleiro en El Ganso (La Maragatería), d. 1990

Palleiro en Turienzo de los Caballeros (La Maragatería), d. 1990

Na comarca leonesa de La Cepeda existiron pallares cubertos de palla como en Vanidodes (Magaz de Cepeda), con planta rectangular dividida en dúas estancias: unha para os apeiros (especialmente o carro) e outra para palleiro. Os muros eran de barro con base de cachotería e a cubrición consistía nunha armazón de vigas interiores de madeira dispostas horizontal e verticalmente. A porta situabase nun dos lados curtos.

5. As colmeas

Tamén as colmeas nalgunhas áreas de Galiza cubríanse de palla como no Val Miñor. Feitas cun tronco de árbore baleirado e apoiadas nunha pedra granítica levaban no teito varios feixes de palla que se suxeitaban preto do cumio cunha corra para que non se desfacesen.

Corro no Alto de los Picones (Palencia), d. 1990

Corro en Prioro (León), d. 1990

6. Os pombais

Trátase de construcións, que dun xeito excepcional, posuían cuberta vexetal, un exemplo aínda pervivía na década de 1990 na localidade leonesa de Tombrío de Arriba, coas características propias dunha construción da área onde se enmarcaba con muros de cachotería unidos con arxila, planta rectangular e cuberta a catro augadas con cumieira ampla e interior de vigas de madeira. Na parte alta dun dos laterais da parede aparecían a serie de furados por onde entraban as pombas feitos entre a cachotería.

7. Os corros e chozos

Son construcións situadas en alta montaña, normalmente de planta circular, con muros de cachotería sen argamasa de unión, con porta de madeira ou sen ela. E aproveitan as mellores pedras para os marcos da porta.

A cuberta é de forma cónica, con armazón interior de madeira e cuberta comunmente de xesta ou terróns (*tapín* na parte asturiana). Ás veces aparece un pequeno remate cunha pedra no cumio ou un reforzamento cunha corra.

A súa función era a protección e descanso dos pastores que coidaban o gando especialmente nas brañas e portos de montaña. A súa área xeográfica espállase desde as montañas palentinas (Alto de los Picones), até terras leonesas (Prioro, porto de Pandetrave) para continuar pola Cordilleira Cantábrica polos concellos de L.lena e Sumiedu, para volver aparecer nalgúns puntos de Portugal como nas áreas de Viseu, Dão e o Mondego, chamadas cabanas, cibanas ou choupanas. Teñen planta circular, cadrada e raras veces forma de ferradura, con cubertura cónica ou piramidal moi aristada, dun ou dous pisos, e o superior facendo a función de palleiro.

Na comarca de Aliste (Zamora) existen edificacións con estas características, son os *corrales de pastores,* caracterizados pola súa planta elipsoidal ou rectangular, muros de cachotería, porta de diversos tamaños con marcos de madeira e cuberta de xesta moi aplanada que ás veces cóbrese con pedras e paus, como por exemplo na localidade de Riofrío de Aliste. Tamén pódense construír uns a continuación doutros nunha mesma liña aproveitando as medianeiras e formando todo un conxunto.

8. Os batáns

Construción singular movida pola acción da auga e provista de dous mazos que serven para bater en mollado os tecidos dos teares artesanais. Como outras construcións etnográficas estiveron tamén teitados aínda que hoxe en día é difícil observalos cubertos de colmo, sabemos que algún deles estaba cuberto de palla na zona portuguesa de Bucos (Cabeceiras de Basto) coa mesma técnica xa descrita noutras edificacións: palla de centeo suxeitada con paus e pedras no cumio para evitar as inclemencias do tempo.

9. Os fornos

Na Galiza hoxe en día só se pode observar un bo exemplar na localidade de Chaguazoso (Vilariño de Conso), con planta rectangular, muros de cachotería de granito maiormente e as mellores pedras no marco da porta. A cubrición é de colmo cun pequeno beirado de granito e suxeitada con troncos de árbore sen tallar na cumieira e dispostos verticalmente sobre a pendente das dúas augadas. É de carácter comunal.

Nalgunhas áreas portuguesas tamén se atopan fornos con cubertas de colmo ou terróns, especialmente nas serras Amarela e da Peneda.

10. As pallozas dos caneiros

Nos caneiros, especialmente nos de Portomarín, facíanse unhas pequenas construcións baseadas nunha estructura moi sinxela de ramas con forma cónica que se cubrían con feixes de palla suxeitados por varias corras dispostas de xeito horizontal e cun oco onde se facía a porta. A súa función era a de abeirar aos pescadores de anguías cando se producían as riadas para collelas. O pescador sitúabase nesta palloza, protexéndose e prendendo dentro dela lume.

11. Os lavadoiros

Outra das construcións que actualmente xa é difícil ver teitada, pero que no pasado nunha área restrinxida como a do concello de Bande aínda existía algún exemplar. A pía de auga estaba feita de pedra e cunha repisa para que as mulleres puidesen estar máis cómodas. Arredor catro postes de madeira suxeitaban unha armazón piramidal de vigas que cubríanse con palla de centeo reforzada por algúns paus dispostos horizontalmente e un remate en forma de carapucho.

12. As igrexas e outros edificios

Compártese moitas veces a idea de que os edificios relixiosos non podían estar cubertos con palla,

porque quitaba dignificación á igrexa, pero sabemos a través de documentos antigos que algunhas igrexas estiveron cubertas de palla, como acontece na zona de Riaño en León ou no leste do territorio lugués, ao igual que algunha das capelas (Os Ancares).

Outras construcións excepcionais con cuberta de palla foron algunhas casas nobiliarias (La Omaña) ou mesmo torres (Torrestío).

Tamén existiron adegas con cuberta de colmo nos Ancares segundo sabemos polo Catastro da Ensenada do século XVIII.

VALDEFERREIROS, IBLAS 1927

2M

Hórreos teitados
Cabazos e cabaceiros de varas
Hórreos de tipo asturiano
Hórreos de tipo galego e outros
Palleiras
Hórreos de tipo leonés


TURRIXÓN
TORRESTIO (1970)
1 M

Construcións auxiliares
(cabanas, palleiros e semellantes)
Muíños

EL VALLE
SUMIEDU

13. Bibliografía

- ALONSO [GONZÁLEZ], Joaquín: *Arquitectura tradicional de la comarca de Omaña y valle de Samario (León)*, Diputación Provincial de León, León, 2003.

- ALONSO GONZÁLEZ, Joaquín-Miguel: *Los molinos tradicionales en la provincia de León*, Caja España, 1993.

- BAS [LÓPEZ], Begoña: As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia, Ediciós do Castro, A Coruña, 2002.

- COLEXIO PÚBLICO SAN CLEMENTE: *Cabaceiros*, Equipo de Normalización Lingüística do Colexio Público San Clemente, Caldas de Reis, 1993.

- CRESPÍ, L.: "Contribuciones al folklore gallego", *Conferencias y Reseñas de la Real Sociedad Española de Historia Natural Tomo IV*, Madrid, 1929.

- DIAS, Jorge / VEIGA DE OLIVEIRA, Ernesto / GALHANO, Fernando: *Espigueiros portugueses*, Dom Quixote, Lisboa, 1994.

- EBELING, Walter: *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2003.

- ESCUELA DE COUSO (A ESTRADA): "Hórreos del Valle de Vea", El Museo de Pontevedra XXVIII, Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1974, 257-289.

- FEDUCHI, Luis: *Itinerarios de arquitectura popular española Vol. 2*, Blume, Barcelona, 1975.

- FLORES LÓPEZ, Carlos: Arquitectura popular española Vol. II, Aguilar, Madrid, 1973.

- GARCÍA FERNÁNDEZ, Efrén: *Hórreos, Paneras y Cabazos Asturianos*, Caja de Ahorros de Asturias, Oviedo, 1979.

- GARCÍA GRINDA, José Luis: *Arquitectura Popular Leonesa Tomo I*, Diputación Provincial de León, León, 1991.

- GIMSON, Mark: *As pallozas*, Galaxia, Vigo, 1983.

- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Antropología y etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares Vol. II*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo, 1991.

- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel e outros: *Nos lindeiros da galeguidade. Estudio antropolóxico do val de Fornela*, Consello da Cultura Galega, Compostela, 2002.

- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, Compostela, 1996.

- GRAÑA GARCÍA, Armando / LÓPEZ ÁLVAREZ, Joaquín: "Arte y artistas populares en los hórreos y las paneras de Asturias: hórreos con decoración tallada de estrilo Villaviciosa", *Kobie nº 2*, Bilbao, 241-320.

- KRÜGER, Fritz: "Las Brañas. Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa", *BIDEA VIII*, Oviedo, 1949, 41-94.

- KRÜGER, Fritz: *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*, Fundación Ramón Menéndez Pidal, Madrid, 2001.

- LLANO [CABADO], Pedro de: *Arquitectura popular en Galicia Vol. I e II*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Vigo, 1981 e 1983.

- LÓPEZ ÁLVAREZ, Juaco / GRAÑA GARCÍA, Armando: "Las cubiertas vegetales en Asturias: notas sobre la historia de la casa redonda", *Arquitectura popular en España*, CSIC, Madrid, 1990, 415-429.

- LÓPEZ SOLER, Juan: *Los hórreos gallegos*, Museo Antropológico Nacional, Madrid, 1931.

- LORENZO [FERNÁNDEZ], Xaquín: *A casa*, Galaxia, Vigo, 1982.

- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio: *El hórreo gallego*, Fundación Barrié de la Maza, Montevideo, 1975.

- PONGA MAYO, Juan Carlos / RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Mª Araceli: *Arquitectura popular en las comarcas de Castilla y León*, Junta de Castilla y León, Valladolid, 2000.

- VARELA AENLLE, Carlos Xesús: *O hórreo de tipo asturiano na montaña oriental de Galiza*, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, Eilao, 2001.

- VEIGA DE OLIVEIRA, Ernesto / GALHANO, Fernando: *Arquitectura tradicional portuguesa*, Dom Quixote, Lisboa, 1998.

- VV. AA.: "Hórreos de la parroquia de San Juan de Poyo", *El Museo de Pontevedra XXVIII*, Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1974, 244-253.

INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

SEGUNDOO PREMIO - 2004

Mario Antonio Ortiz García

romaría etnográfica raigame

FESTAS E MEMORIAS POPULARES

Apuntes e reflexións etnográficas sobre a Festa da Candelaria "jarocha" en Tlacotalpan, México e a *Raigame Galega* en Vilanova dos Infantes, España.

Toda festa popular é un exercizo da memoria. Que mellor lugar para reflexionar sobre a cultura popular que os espazos festivos onde esta se actualiza póndose en escena. Invito ao leitor a se situar en dúas celebracións distantes e dispares como puntos de partida, a fin de compartir escenarios e reflexións sobre as formas nas que é posíbel percibir e construir, práctica e conceptualmente, dende a antropoloxía, a relación entre esos etéreos termos de cultura e pobo.

Este non é o momento e lugar para nos deter en exceso sobre os escenarios e montaxes rituais particulares buscando facer unha sempre inacabada descripción densa dos mesmos. Paréceme máis atractivo explorar, de forma moi xeral pero incisiva, ambos escenarios e compartir as reflexións doutros autores coa esperanza de vislumbrar posíbeis mundos de coñecemento e recoñecemento antropolóxico. Preguntémonos, entón, polos dominios e ordes de equivalencia entre dúas realidades empíricamente distintas e distantes, deténdonos nas súas emerxencias.

As festas

Sen dúbida, tanto en Tlacotalpan, Veracruz, México; como en Vilanova dos Infantes, Ourense, Galiza, España, realízanse celebracións modernas que apelan á tradición. Coa primeira refírome a unha festa en honor á Virxe da Candelaria, co que se actualiza esta tradición do ámbito hispanoamericano. Trátase dunha grande festa mariana e mestiza na que Tlacotalpan "centra a súa vida de ritual e celebración" (*Fiesta de la..., s/f:1).*

Trátase de
"unha celebración plural, citadina, que dura quince días, distribuidos entre os rituais de iniciación, o triduo principal que comeza o 31 de xaneiro e remata o dous de febreiro, e a semana seguinte na que se cumpre a octava" (ídem).

A memoria histórica recolle que as festas á virxe remóntanse ás postrimerías do século XVIII "época na que comeza a bonanza tlacotalpeña".

A festa da Candelaria de San Cristóbal Tlcotalpan[1], é unha celebración sincrética e complexa, como ocorre con outras festas da mesma índole na tradición hispánica. A Candelaria componse de rituais festivos de diversa procedencia. Ademais dos estrictamente relixiosos, –cuxo acto principal é a procesión da imaxe da virxe polas rúas do pobo e sobre unha barcaza escoltada por ducias de lanchas e piraguas polo segmento do río Papaloapan frente o pobo, xa case na súa desembocadura no golfo de México– destacan, entre outros: as feiras mecánicas, a carreira de lanchas a remos, os touros, a pelexa de galos, as cabalgatas, os bailes a "mojiganga", o encontro de "janeros": músicos e versadores. Predominan os eventos tradicionais con variantes que responden aos novos tempos (por exemplo na música), reactualízanse outros que se tiñan debilitado (é o caso do fandango e o encontro de "jareneros"), e incorpóranse rituais que non se celebraban antes (A "mojiganga"). Entre 1993 e 1994, cando tiven a oportunidade de realizar traballo de campo na zona como parte dun equipo de investigación[2], o Encontro de "jaraneros" facía menos de dez anos que se recuperara (primeiro como concurso, transformándose en encontro debido aos conflictos entre xulgados, organizadores e participantes sobre os criterios de valoración) baixo os auspicios da Secretaría de Educación Pública, mediante a emisora nacional Radio Educación, escoitada tamén ao sul dos Estados Unidos.

Ano tras ano, a responsabilidade de organizar a festa e preparar e publicar o programa do evento, lévaa a cabo o governo municipal quen se coordina co párroco do pobo, cofradías, asociacións gremiais (gandeiros, pescadores, comerciantes) e outras institucións culturais e escolares locais (grupos de música, a casa da cultura, escolas). O governo do Estado, pola súa parte, contribúe patrocinando directamente grande número de actos culturais (concertos, ballets, grupos cubanos...) e proporcionando recursos; ao tempo que se fai presente mediante un desplegue extraordinario dos seus corpos de seguridade os días de festa. O poder de convocatoria desta festa é moi forte e diversificado:

"chega a xente do lugar e os seus arredores, sobre todo das rancherías, pero tamén doutras partes do Estado, e doutros Estados. Entre a ampla gama de visitantes, é significativa a presenza, todos os anos, de músicos e estudosos do Folclore que chegan, non tanto como investigadores que rexistran o feito 'dende a barreira', canto como celebrantes que teñen creado aí o seu espazo festivo (o Encontro, o Fandango, unha cantina)" (*Festa da...,* s/f:2).

Describindo os rasgos contemporáneos da historia e o tempo tlacotalpeños, pódese ler:

"actualmente, os tlacotalpeños adícanse á agricultura, a gandeiría, a pesca, o comerzo e, en menor grado, á ebanistería. Sen embargo, grande parte da poboación vése obrigada a emigrar en busca de fontes de traballo. Nos últimos anos, téñense promovido o desenrolo da industria turística, na que a festa da Candelaria ocupa un lugar central, xa que representa unha fonte de ingresos considerábel" (*Festa da...,* s/f: 5-6).

Pola súa parte, no evento Europeo que nos ocupa, en Vilanova dos Infantes, este ano de 2004, realizouse a *III Romaría Etnográfica Raigame*. Como proclama o seu Xornal Informativo:

"por terceiro ano consecutivo dende que o Concello de Celanova e a Escola Provincial de Danzas, hoxe trasformada no Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo, decidiron pola en marcha, a vila de Vilanova dos Infantes transfórmase nun inmenso escenario sobre o que a artesanía, a música tradicional, a danza, e as actividades de lecer que protagonizaban as vellas romarías galegas dánse a man para celebrar,

1. Tense documentado un conflicto inter-étnico entre os colonizadores europeos, quen impuxeron a San Cristóbal como patrono oficial da vila, e as poboacións autóctonas, que como forma de resistencia celebraron á Virxe unha festa moito maior. Sen embargo, o principio da festa neutraliza este enfrentamento, a Candelaria sae do seu Santuario e visita a Parroquia de San Cristóbal.
2. No marco do proxecto "a Décima Popular de México e Puerto Rico" baixo a coordinación da Dra. Ivette Jiménez de Báez como becario de investigación incorporado ao seminario de tradicións populares do Colexio de México (COLMEX).

Trátase dunha grande festa mariana e mestiza na que Tlacotalpan "centra a súa vida de ritual e celebración"
(Fiesta de la..., s/f:1).

nun ambiente consecuente co pasado que nos identifica como Galegos, o Día das Letras Galegas" (*Raigame, 2004: 1*).

"A festa de Raigame", efectivamente, comprende un só día de celebración, de descanso oficial na Comunidade Autónoma e de recente aparición que se enmarca na celebración anual, dende 1963, do "*Día das letras galegas*". A quen visitan a Vila con motivo da festa, obséquiaselle –ademais do Xornal que os inclúe– cun programa/plano no que se informa sobre os horarios e sitios das distintas actividades, e a ubicación dos locais en que se realizan as artesanías identificándoas cos seus respetivos iconos. Se lle facemos caso ao programa, as prazas e rúas do pobo son ocupadas, de xeito máis ou menos consecutiva, dende as dez da mañá e até as 19:30 horas por numerosos grupos de danza e baile, gaiteiros, bandas, pandereteiras, teatro, títeres, xogos populares cun descanso de dúas horas e media para comer, nas zonas reservadas para elo, entre as dúas e as catro e media da tarde. Nesta ocasión, o concerto que pecha o evento estivo a cargo do grupo, internacionalmente coñecido "Fía de roca". (*Raigame, 2004: 9*).

Esta celebración está desligada, formalmente, ao calendario relixioso, polo que nos atopamos con posta en escena e rituais exclusivamente laicos. Sen embargo, o Xornal Raigame non dubida en nos proporcionar como seña de identidade do lugar, "A lenda da virxe do Cristal, dende o padre Villafañe a Curros Enríquez", así como adxudicarlle a "o gremio dos zapateiros" o ser "autor da danza para Virxe" mesma que se realiza cada 15 de setembro e na que tamén se pasea a súa imaxe, en procesión, polas rúas da vila (*Raigame, 2004: 4, 10*).

Se ben, ao día seguinte, a prensa local reporta que "todos os rincóns da localidade retrocederon na historia e con eles os veciños e visitantes que se sumaron un ano máis á festa"[3], nos meus apuntes de campo consigno:

"Perto do medio día o ambiente é de festa, e a concurrencia é numerosa. Trátase de familias, grupos de amigos e amigas, parellas soas ou tamén en grupos, e adultos maiores. O tráfico por algunhas rúas é

3. La Voz de Galicia, Martes 18 de Maio do 2004, L6 / Ourense.



A festa da Candelaria de San Cristóbal Tlcotalpan, é unha celebración sincrética e complexa, como ocorre con outras festas da mesma índole na tradición hispánica. A Candelaria componse de rituais festivos de diversa procedencia, cuxo acto principal é a procesión da imaxe da virxe polas rúas do pobo e sobre unha barcaza escoltada por ducias de lanchas e piraguas polo segmento do río Papaloapan frente o pobo, xa case na súa desembocadura no golfo de México.

intenso", e nelas "destacan os vestuarios modernos, casuais, de día de descanso, sobre todo os de 'época' medievais, decimonónicos, cíngaros?... sen dúbida, todos híbridos. Os locais máis concurridos son as tabernas, tascas e bares que desbordan os seus límites confundíndose con 'botellóns' diurnos".

Polas conversas que rexistro con algúns dos participantes, tanto nas rúas durante os actos culturais, como nos locais nos que se atopan os artesáns, percátome de que na súa maioría trátase de grupos e artesáns forasteiros, a quen foron contratados, no primeiro caso, e proporcionado os medios para asistir e instalar o seu taller nos baixos das casas dos veciños, no segundo. Cinguíndonos, novamente ao programa/plano, o evento é patrocinado por instancias provinciais, autonómicas, estatais e europeas, tanto públicas como privadas e sociais[4]. Organizado polo "Concello de Celanova" e o "Centro de Cultura Popular Xocas" e a "Escola provincial de Danza". En letra pequena, na parte superior da contraportada, pódese ler: "COLABORAN: A parroquia e os veciños de Vilanova dos Infantes". O Xornal, na súa primeira plana apunta: "Os organizadores destacan a colaboración dos veciños" quen "ano tras ano véñense sumando a esta celebración, xa vivan en Vilanova todo o ano, xa o fagan noutros puntos de España ou do extranxeiro". Para ilustrar a nota, de apenas dous parágrafos, emprégase unha tipografía de "Devotas na procesión da Virxe".

O mesmo documento infórmanos:

"a romaría enmárcase dentro do proxecto de posta en valor do núcleo medieval de Vilanova dos Infantes, como un elemento máis do potencial turístico-cultural que oferta (o municipio de) Celanova dentro do programa 'Celanova, un paseo pola historia de Galicia'" (*Raigame, 2004: 1*).

4. A Deputación Provincial de Ourense, a Xunta de Galiza mediante a Dirección Xeral de Turismo, o Padroado Provincial de Turismo de Ourense, o INORDE, o Ministerio de Facenda, Caixa Galiza Obra Social, Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galiza, a Fundación Comarcal Terras de Celanova, Valima, Sons e Acordes, Direção Geral do Desenvolvimento Regional e o Fondo Europeo de Desenrolo Rexional Iniciativa Comunitaria InterregIII (Programa Plano e Xornal informativo).

Ao longo do día, rexistro o encontro cunha parella de enfermeiros, alumnos de Antropoloxía do Centro Asociado da UNED en Ourense, conversando cun par de mulleres brasileiras radicadas no pobo para que o galego e brasileiro son o mesmo, a varios artesáns portugueses e actores doutras provincias galegas. Un "tabaquiño" en mans dun músico de Lalín, quen di que é un instrumento de orixe portugués. Coas súas catro cordas, recórdame o requinto "jarocho" tlacotalpeño. O mesmo informante coméntame que o ano anterior eles trairan "cabezóns", a "mojiganga" española.

1. Memorias e tradicións

Nos días de festa en Tlacotalpan, "a perla do (río) Papaloapan" o "Macondo mexicano"[5], e en Vilanova dos Infantes, "O Burgo medieval mellor conservado da provincia" (*Raigame: 2004*) –referímonos a Ourense, a que ao mesmo tempo se presenta como "a porta de Galiza"[6]–, topámonos coa posta en espazos públicos de tempos festivos, de rituais que apelan á tradición. Debemos recoñecer neste punto, con Hobsbawm e Ranger (1983), que toda tradición é un "constructo" intencionado que atribúe interesadamente a un tempo indeterminado o que en realidade é fabricación social dun periodo concreto, ben se trate de quiñentos, douscentos, cen ou tres anos, ben se perda na "memoria dos tempos". En todo caso, durante estas festas outórgase a un suxeito global, colectivo pero definido, o que en realidade poido ser unha mera creación individual e clara elaboración por parte dun grupo de poder. O anterior non conleva, sen embargo, deixar de recoñecer que a tradición, xa sexa revitalizada ou inventada, é o modo aceptábel de negar a continxencia. As festas, en tanto espazo/tempo de encontro, "obra de deuses", "celebración da vida", congregan ás poboacións, densifican as relacións sociais e non deixan de constituir comunidade. Os diferentes axentes sociais que as fan posíbeis pareceran asumir que perpetuar a festa, darlles idetidade narrativa (Ricoeur, P., [1978] 1999), é dicir continuidade discursiva e profundidade histórica, contribuira á reprodución social desa poboación redefinindoa como *comunidade*. Como xa se ten sinalado por outros autores, esta eficacia simbólica, en realidade, non consiste en ningunha transformación que non estivera lograda previamente. É a comunidade a que fai posíbel a festa, anque tal vez sexa a festa a que fai dexesábel a comunidade (Velasco, H., Cruces, F., Díaz A. 1996)[7].

Para os casos que nos ocupan, trátase de rituais festivos que presupoñen, fan emerxer e revitalizan, como suxeitos globais, ao pobo *jarocho* e ao pobo galego. Identidades "histórico culturais", resulta atractivo plantexarse os procesos particulares que diron lugar a cada unha delas[8]. Aquí limitareime apenas a sinalar algúns dos rasgos máis destacados que lles otorgan distinta consistencia, e que se ben pareceran confirmar as diferenzas xa sinaladas acerca dos sistemas de festas en sociedade campesiña mesoamericanas e en sociedades agrícolas españolas, tamén nos permitirán reflexionar sobre algunhas das súas equivalencias contemporáneas. Tanto na construción do *Jarocho* como na do Galego, a fin de facer emerxer suxeitos colectivos singulares, apélase ao que se ten definido como identidades colectivas con base territorial e étnica. O Estado "libre e soberano" de Veracruz, en México, e as "provincias históricas" da Comunidade Autónoma de Galiza en España, preséntansenos como os territorios primarios onde se adquire a denominación de orixe das manifestacións culturais do ser *jaroch*e do ser galego, respectivamente.

5. Así foi como me mencionaron por primeira vez esta poboación.
6. Ourense. Guía informativa. Iberia, Xacobeo Galicia, Turgalicia, Xunta de Galicia, s/f. Acopio na oficina de turismo sobre a ponte vella, febreiro de 2004.
7. Ao longo das seguintes reflexións sego este artigo que considero inestimábel para o achegamento etnográfico a toda festa contemporánea. Ao empregalo para a análise dos casos particulares aquí expostos e polo tanto tratarse dunha apropiación persoal das súas teses, só farei explícita a referencia cando así o considere indispensábel.
8. Se ben nas festas participan os "pobos" tlacotalpeño e vilanovense, os suxeitos colectivos que se poñen en escena son o jarocho e o galego, respectivamente. Só como exemplos destas construcións narrativas pódense consultar, para Tlacotalpan: Lozano e Nathal, G. coord.: 1991; para Vilanova dos Infantes: Fidalgo, J. e Limia, 2001.

RAIGAME

Xornal informativo sobre a Romaría Etnográfica Raigame no Día das Letras Galegas

17 de maio de 2004

Nº 1

Vilanova vístese de festa para acoller a III Raigame

Por trerceiro ano consecutivo dende que o Concello de Celanova e a Escola provincial de Danzas, hoxe transformada no Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo, decidiron pola en marcha, a vila de Vilanova dos Infantes transfórmase nun inmenso escenario sobre o que á artesanía, a música tradicional, a danza e as actividades de lecer que protagonizaban as vellas romarías galegas se dan a man para celebrar, nun ambiente consecuente co pasado que nos identifica como galegos, o Día das Letras Galegas.

A romaría enmárcase dentro do proxecto de posta en valor do núcleo medieval de Vilanova dos Infantes, como un elemento máis do potencial turístico-cutural que oferta Celanova dentro do programa "Celanova, un paseo pola historia de Galicia" e que non pretende outras cousa ca dar a coñecer os momentos máis importantes da historia de Galicia a través dun curto percorrido xeográfico, pero dun gran salto a través da historia, como son o múndo castrexo de Castromao, a etapa alto-medieval de San Miguel a riqueza baixo-medieval de Vilanova dos Infantes, o esplendor do barroco do Mosteiro de San Rosendo e o rexurdimento da lingua galega da Casa dos Poetas.

A organización espera superar o éxito de participación do ano pasado.

Un dos principais obxectivos que persigue esta actividade festivo-artesanal é aquel que pretender destacar as singulares características que conserva o pobo de Vilanova dos Infantes, que con tanto acerto literario como indubidable valor etnográfico cantou o poeta Manuel Curros Enríquez no seu poema sobre a Virxe do Cristal.

SUMARIO

* Por primeira vez estarán presentes artesáns portugueses

* Ás 20,00, haberá unha actuación do grupo "Fía na Roca"

* Está previsto que participen máis de 55 artesáns

* Tamén participan artesáns incluidos no programa Equal.

* O programa "Sons e acordes" colabora no financiamento desta edición

O burgo medieval mellor conservado da provincia

Despois de varias intervencións, entre as que hai que destacar a instalación do Centro Comarcal Terra de Celanova na torre e en dous edificios adxacentes, así como a urbanización das Prazas do Balcón e do Recreo, alén doutras intervencións particulares, nestes intres Vilanova dos Infantes pasa por ser o único burgo medieval íntegro que se conserva no seu conxunto na provincia de Ourense e un dos poucos que existen en Galicia.

Dende calquera perspectiva destaca a harmonía da torre e as outras casas.

Os organizadores destacan a colaboración dos veciños

O desenvolvemento desta romaría non sería posible sen a colaboración desinteresada dos veciños de Vilanova, que ano tras ano se veñen sumando a esta celebración, xa vivan en Vilanova todo o ano xa o fagan noutros puntos de España ou do extranxeiro, cedendo os seus locais para que neles poidan ser instalados os artesáns que participan amosando o seu oficio durante a xornada.

A iso hai que engadirlle a súa implicación na propia xornada da romaría, colaborando coa organización do evento e suplindo as limitacións que o pobo ten para acoller a milleiros de visitantes, como así sucede.

Devotas na procesión da Virxe.

Portada o Xornal informativo da "III Romaría Etnográfica Raigame".

Pola súa parte, no evento Europeo que nos ocupa, en Vilanova dos Infantes, este ano de 2004, realizouse a *III Romaría Etnográfica Raigame*. Como proclama o seu Xornal Informativo:

"por terceiro ano consecutivo dende que o Concello de Celanova e a Escola Provincial de Danzas, hoxe trasformada no Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo, decidiron pola en marcha, a vila de Vilanova dos Infantes transfórmase nun inmenso escenario sobre o que a artesanía, a música tradicional, a danza, e as actividades de lecer que protagonizaban as vellas romarías galegas dánse a man para celebrar, nun ambiente consecuente co pasado que nos identifica como Galegos, o Día das Letras Galegas" *(Raigame, 2004: 1).*

No primeiro caso, a festa articúlase explicitamente ao redor dun código relixioso no que, a partires dunha pasaxe da vida de María e mediante metáforas biográficas e xenealóxicas, proxéctase a idea de ciclo sobre o fluir do tempo. No segundo, de xeito equivalente pero no sentido laico, a festa fai explícito o código obxectivista que se articula sobre a metáfora bioloxicista da raíz, transmisora e costituinte dunha substancia común. Articulando a orixe identitario sobre o fluir do tempo, proxéctase un ciclo de renovación, de *rexurdimento do feito diferenzal*.

Festa relixiosa, en Tlacotalpan somos testigos de como a igrexa católica, unha institución universalista cuxa misión evanxelizadora se recoñece xeralmente en todos os confíns do globo, intenta instalar unha temporalidade universal, común a poboacións en entornos sociais e ecolóxicos diversos. Festa medieval, étnica, en *Vilanova dos Infantes*, en cambio somos testigos de como as institucións públicas e privadas locais, buscan instituir, mediante un código científico universalista e realista, no que se superpoñen o obxectivismo positivismo e o naturalismo romántico alemán, unha temporalidade particular delimitando os entornos de pertenza á comunidade.

Explorando as dimensións tradicionais ás que apelan, e polo tanto considerando os sistemas de festas nos que se insertan, o pobo *Jarocho* que festexa á virxe da Candelaria en Tlacotalpan, recrea a adoración prehispánica a *Chalchiuhtlicue*, deusa dos mares, lagos e tormentas dos ríos, pero sobre todo, exerce, como membro dalgunha cofradía, algún cargo cuxa terminoloxía foi levada polos colonizadores seguindo o modelo de organización da España interior do século de Ouro. O pobo *Jarocho* tradicional, o suxeito colectivo ao que nos referimos, na festa da Candelaria pon en marcha, mediante o dispendio ritual, os mecanismos de reequilibrio da igualdade, fomentando a interdependencia, a reciprocidade, a solidariedade. O pobo galego que se festexa na *Romaría etnográfica Raigame*, pola súa parte, sábese de avós celtas, de pais romanos e padrastros visigodos, suevos, "bárbaros", enraizado na súa *terra nai*, á que lle canta con morriña ao deixala: *–Airiños, airiños aires...* Sábese dunha especie única: encarna ao *homo galaicus*, quen

"a diferenza do *homo lusitanus*, e anque ambos procedan de paisaxes montañosos, síntese incómodo nas paisaxes de chairas abertas e non goza 'dionisiacamente' do trópico como fai o portugués" (VV. AA. 1967: 1003),

ou cando menos ao *homo infimae latinitatis* orixinario dunha "provincia etnográfica", unha "área de cultura" particular de acordo á etnoloxía alemana do século XIX, retomada por Risco (Crf. González X. 1998: 61). O seu carácter de festa medieval-artesanal, parecera corresponder cos rasgos do tipo de sistema que se teñen descrito sobre os rituais festivos en poboacións rurais españolas. As festas preséntansenos como ocasións de protagonismo para os membros dunha sociedade segmentada nas que a confusión, a amalgana, o bullicio, buscan expresar a densidade do conxunto (Velasco, H., Cruces, F. e Díaz, A. 1996). A pesares de responder a construcións de temporalidades cíclicas distintas, tanto a festa da Candelaria *jarocha*, como a *Romaría Raigame galega* abren ocasións para o intercambio, para a exogamia, para a consolidación de mercados. Con elas e por elas xéranse fluxos de infor-



A quen visitan a Vila con motivo da festa, obséquiaselle –ademais do Xornal que os inclúe– cun programa/plano no que se informa sobre os horarios e sitios das distintas actividades, e a ubicación dos locais en que se realizan as artesanías identificándoas cos seus respetivos iconos.

mación que dan consistencia ás unidades territoriais e foméntase a competencia entre poboacións locais. Nelas, e ao redor delas, plásmanse tanto os mecanismos de articulación dos segmentos no conxunto da poboación, como o englobamento destas poboacións en demarcacións territoriais definidas como unidades políticas, administrativas, económicas e culturais que as "conteñen".

Deténdonos nos sentidos tradicionais aos que apelan, pode suxerirse que a festa da Candelaria en Tlacotalpan, tende a se focalizar no contorno interno da comunidade, mentres que a Romaría Etnográfica Raigame, faino sobre o seu contorno externo. En síntese alegórica poderíase aventurar que a tradición do pobo 'jarocho', por empatía co suxeito colectivo que pon en escena, fai posíbel exercer, voltarse, anque sexa tempoalmente, 'jarocho'. En Veracruz, *no hay de otra*. A tradición do pobo galego, pola súa parte, procura propiciar a simpatía con quen exercen, *nós*, dende os principios dos tempos como galegos. En Galiza, *eche o que hai.* O primeiro, ao se tratar dun termo evidentemente mestizo, sincrético, parecera máis disposto a se abrir aos "crisoles" de integración multi-identitarias –dando lugar a meianismos do tipo "A Raza Cósmica" de Vascoclelos (1983)–, e tense convertido de e para a integración, máis ou menos sen dificultade, do mosaico de identidades rexionais que soportan ao Estado-nación mexicano. O segundo, en cambio, apela a termos identitarios fundamentados en supostos dominios naturais, obxectivos, substantivos da comunidade particular –"A Nación" étnica como "obxecto amado" segundo Castelao–, e por elo non deixa de portar a ameaza de ruptura do grupo étnico non dominante, a "nacionalidade", fronte á unidade estatal, Nación, que o trascende. Noutras palabras, ser 'jarocho' comunmente asúmese como forma de ser, modalidade e produto da cultura mexicana. O seu carácter mestizo disipa, de dentro cara fóra, os sempre latentes conflitos entre "castas", "clases", "sectores". A cultura galega, o ser galego, sen embargo, non poucas veces se presenta, e de feito tense construido e constrúese en confrontación reivindicativa, ou polo menos distintiva, fronte ao castellano ou español, aprazando, no mesmo sentido, do interior *fronte ao exterior*, similares tendencias centrífugas do social. En ambos casos atopámonos coa articulación de nostalxias estruturais (Herzfeld, M. 1997), estruturas de mediación-dominación-disipación de intencións resultado dunha continua negociación que os grupos e as persoas fan máis ou menos avanzar, a base de concesións mutuas, máis ou menos provisionais.

2. Memorias multisituadas

Os exercizos das memorias tradicionais nas festas populares da nosa reflexión, relixiosa-cultural unha, étnica-nacional a outra, realízase en vecindarios que se constrúen, dende a modernidade, como comunidades "tradicionais", precisamente porque a súa tradición é a súa forma de perdurar fronte os trocos que impulsa e impón a modernización: a emigración masiva ás cidades e o retorno temporal dos emi-

grados, o envecellemento da poboación, a chegada estacional de sectores de procedencia urbana en réxime de segunda vivenda, entre outros. Tanto en Tlacotalpan, como en Vilanova, pódense recoñecer, sen dúbida, dous estados distintos que aparecen en varias ocacións ao longo do ano: os tempos nos que viven os pobos, *a vila*, con retornados, turistas, visitantes –fins de semana, pontes, vacacións de Nadal, Semana Santa e verán– e aqueles outros nos que os do pobo, *a vila*, quédanse sós. Os contidos "tradicionais" das festas, mediante os ordes do tempo que impoñen, serven para articular esta nova e fundamental segmentación que distingue ao residentes permanentes dos residentes temporais. Aos veciños dos forasteiros.

Os contextos de modernidade sobre os que teñen lugar as festas "tradicionais" do noso interese a ambos lados do Atlántico, fan que se atopen irremediabelmente suxeitas a ordes do tempo de grupos sociais urbáns, modernos e plurais para quen a distinción fundamental do tempo se realiza ao redor de días laborais e non laborais. Tempo de traballo e tempo de lecer, ordeados en ciclos semanal e anual. Entre os sectores urbáns, a celebración das festas preséntase de forma opcional co que se reforza un dos caracteres da mesma, trátase dun día de descanso, pero agora sobre o que se ten que decidir tomalo ou gardalo.

E é que se trata de festas suxeitas ao calendario, un código numérico tan homoxéneo e abstracto que serve de referencia temporal a diversas xentes en dispersos e diferentes lugares implicados en distintas actividades. A flexibilidade deste código fai posíbel que nunha das súas unidades se atopen diversos motivos de celebración: nos nosos casos, a fe, a cultura; a lingua, a raza. A tradición, pero tamén a vontade de se atopar nesas datas/festas. Ambas festas desenrólanse en entornos ordeados e constituidos administrativamente por Estados laicos que, sen embargo, manteñen nas súas celebracións as pautas do ciclo anual. Neste ciclo, nas festas que contén e regula, podemos atopar tanto o vago recordo dunha sociedade que foi agrícola e na que a igrexa tiña un papel preponderante, como a súa utilización polo mesmo Estado como mecanismo de celebración da súa propia instauración. Comparando os calendarios dos días festivos non laborábeis oficiais entre México e España, no primeiro caso sobresaen as festas cívicas –21 de marzo nacemento de Benito Juárez "Benemérito das Américas"; 5 de maio, a batalla de Puebla; 16 de setembro, día da independencia; 20 de novembro, día da Revolución –sobre as festas relixiosas, que destacan no segundo– 6 de xaneiro, Epifanía do Señor; 19 de marzo, San Xosé; 1 de novembro, Todos os Santos; 8 de decembro, Inmaculada Concepción. Coinciden nunha celebración "internacional" –1 de maio, día do traballo– e nas pasaxes máis relevantes da vida de Cristo, o seu nacemento e morte (Nadal e Semana Santa). Unha mesma data, o 12 de outubro, interprétase baixo códigos distintos: "Día da Raza", en México, "Festa Nacional" en España, polo que cabería preguntarse se se refiren ao mesmo acontecemento: o desembarco de Colón (xenovés), no que el creu até a súa morte eran as costas occidentais de Oriente. Polo demais, en ambos se festexan as súas respectivas Constitucións vixentes: 5 de febreiro en México, 6 de decembro en España, co que se fai evidente que en ambas xeografías, os Estados buscan marcar o arranque dun tempo novo que se desexa facer perdurar indefinidamente.

Os exercicios da memoria que sinalan estas datas non transcorren nunha estrutura vacía como a que parece reflictida por unha serie de números sucesivos, senón que se fundamenta en entidades relacionadas entre si e relacionadas con quen as pon en acción (Velasco, H. 1994). É por todo elo que, para o caso de Tlacotalpan e Vilanova dos Infantes, os entornos modernos, urbano-céntricos dos que se nutren ambas festas, fan que a opción de ir ou non ás mesmas, dependa máis da pertenza a grupos e institucións, que ao feito de compartir residencia nun territorio, ou a mera inclusión nunha poboación.

En definitiva, a Candelaria 'Jarocha', a *Raigame* galega convocan a familias, parellas, grupos de pares que saen das cidades cercanas a tomarse a



A romaría enmárcase dentro do proxecto de posta en valor do núcleo medieval de Vilanova dos Infantes, como un elemento máis do potencial turístico-cultural que oferta (o municipio de) Celanova dentro do programa 'Celanova, un paseo pola historia de Galicia'"

ponte, ou que andan de vacacións pola zona; a turistas e xubilados, fluindo polas terciaras redes de turismo folclórico; a profesionais da cultura combinando traballo e ocio; en fin, a suxeitos sociais para quen festexar o jarocho, o galego, preséntase como agregación a outros roles e pertenzas. A capacidade de optar do suxeito social moderno revélase formada de agregacións por presencia coincidente en tempo e espazo. Trátase dun suxeito social máis ou menos regular que se implica en actividades comúns, máis ou menos conxuntamente. Son estos suxeitos, plurais e fragmentados, quen fan as festas populares. Son eles, principalmente, quen festexan a memoria tradicional, reconstituíndose na súa modalidade moderna. A festa só emerxe na medida na que se supera o umbral de incertidumbre da opcionalidade, ao se producir a presenza masiva de celebrantes e xerarse "ambiente" festivo, "animación", *fandango, rebe, marcha* (Velasco, H., Cruces, F. y Díaz, A. 1996).

Tanto o fandango da Candelaria, como a marcha en Raigame, corren o risco de se mollaren por causa da choiva. Pero sobre elas penden, sobre todo, os riscos que caracterizan ás festas de sociedades modernas e plurais polos seus extremos. Por un lado, a opcionalidade impón unha incertidume básica, dado que a festa, ou algún dos seus actos principais, podería abortarse antes incluso de se por en marcha. Por outro, a concurrencia masiva e desbordante pode superar as previsións da organización e facer máis probábeis incidentes e accidentes. En ambos casos predominan os acontecementos "liminoides", sobre aqueles que podemos identificar como de "presentación". É dicir, sobre os actos que intencionadamente buscan producir unha redonda impresión de orde, como produto dunha estudada uniformidade (a cabalgata, a procesión en Tlacotalpan; quizais as mesas para comer, as palilleiras en Vilanova), predominan aqueles nos que o fluxo da actividade é máis relevante que os obxectivos da acción mesma. Sen se caracterizar necesariamente pola destrución e o desorde, márcanse rupturas de normas e liberación –tomar alcohol na rúa, poder seleccionar permanencias e itinerarios sobre os diversos espazos, decidir o ritmo e sitios ao que se leva ou nos que se segue o fandango, a marcha. Estas situacións liminoides, máis intensas na Candelaria pero presentes tamén

en Raigame –fenómeno que seguramente ten relación tanto coa duración das festas, como coas idades promedio dos protagonistas e espectadores– chegan a producir situacións marxinais proclives á experimentación de límites e polo tanto incertas, abertas tanto ao goce como á traxedia. A presenza de servizos de garda por parte de institucións de control e asistencia vólvese indispensábel. O seu obxectivo é que se leve a festa en paz.

E a festa lévase en paz en ambos vecindarios tomando a rúa e prazas céntricas e espazos periféricos, desbordando e instaurando locais especializados. Os primeiros preséntansenos como os **espazos privilexiados** dos grandes actos festivos. Mediante a resignificación da arquitectura permanente por unha arquitectura efímera, esta convírtese nun auditorio festivo no que é posíbel distinguir dous sectores claramente diferenzados: aos actores rituais facendo emerxer o escenario, e aos espectadores no seu entorno. Son festas que toman as rúas como lugares abertos, amplos e extensíbeis, difusos e múltiples, de tránsito e movilidade. Na rúa anticípase e continua a festa, cara a rúa desbórdase dende os focos onde se realizan os actos. É nas súas rúas e prazas onde Tlacotalpan e Vilanova realizan fundamentalmente o seu particular "festa de todos". De todos os 'jarochos', de todos os galegos, respectivamente.

Foto: Verónica Rodríguez Pérez

O pobo galego que se festexa na *Romaría etnográfica Raigame*, pola súa parte, sábese de avós celtas, de pais romanos e padrastros visigodos, suevos, "bárbaros", enraizado na súa terra nai, á que lle canta con morriña ao deixala: *–Airiños, airiños aires...* Sábese dunha especie única: encarna ao *homo galaicus*.

Para a carreira de cabalos e pelexas de galos entre 'jarochos', para "o Concerto" e as instalacións das pulpeiras e churrasco nos campos da igrexa, para o concerto entre galegos, en ambas podemos constatar como se aproveitan **espazos periféricos** en zonas non urbanizadas para a festa nos que o "ambiente" aparece como algo efímero e xerado da nada. Por un tempo breve convírtense en lugares centrais de interacción intensa, e cando todo remata, amosan os residuos do exceso, o derroche, a euforia. Dende a racionalidade urbana, os espazos periféricos buscan salvagardar os centros nobres dos posíbeis efectos nocivos da festa. Son lugares para estados "liminoides", lonxe dos centros e dos cotos exclusivos ou preferenciais para os grupos de distinción.

Un dos espazos máis característicos das modernas sociedades urbanas tamén o atopamos en ambas festas "tradicionais". Trátase de **espazos especializados**: casas da cultura, teatros, auditorios, cantinas, tabernas, restaurantes, museos, salóns e salas de

Foto: Verónica Rodríguez Pérez

Tanto a festa da Candelaria *jarocha*, como a *Romaría Raigame* galega abren ocasións para o intercambio, para a exogamia, para a consolidación de mercados.

festa, "locais" en tanto espazos fixos de arquitectura continente e de capacidade máis ou menos ampla pero limitada, que se implican na diversificación da festa e a súa composición mediante actividades, máis ou menos autónomas (Velasco, H., Cruces, F. y Díaz A., 1996).

Así, se ben podemos describilas como festas tradicionais baseándonos nas temporalidades cíclicas nas que se instauran e recrean para revitalizar unha identidade colectiva, a un pobo; na súa posta en escena, na súa performatividade non cabe duda de que se trata de festas modernas, polo que, simultaneamente se nos presenta como de carácter fraccionado, plural, continxente.

3. Memorias programadas e paradóxicas

Seguindo a releitura das teses de Greimas que fan Velasco, Cruces e Díaz de Rada (1996), debemos recoñecer que o proceso de transición das sociedades tradicionais ás sociedades modernas implicou o desenrolo de determinadas formas de discurso autónomo –a poesía, a música, a danza– que nas sociedades tradicionais estiveran englobadas nun só fenómeno mítico.

Con esta autonomización non só se produce a desagregación de actividades algunha vez articulada na festa como fenómeno global, senón que tamén nos

Foto: Verónica Rodríguez Pérez

Tanto en Tlacotalpan, como en Vilanova, pódense recoñecer, sen dúbida, dous estados distintos que aparecen en varias ocacións ao longo do ano: os tempos nos que viven os pobos, *a vila*, con retornados, turistas, visitantes –fins de semana, pontes, vacacións de Nadal, Semana Santa e verán– e aqueles outros nos que os do pobo, *a vila*, quédanse sós. Os contidos "tradicionais" das festas, mediante os ordes do tempo que impoñen, serven para articular esta nova e fundamental segmentación que distingue ao residentes permanentes dos residentes temporais. Aos veciños dos forasteiros.

leva a concebila como un conxunto de sistemas diferenzados. A festa concíbese como campo de actividade formado pola intersección de categorías como ocio, diversión, cultura, espectáculo, arte, deporte, etcétera, que se desenrolan en espazos acotados que separan á porción de xente en trance de exaltación –quen están na festa–, do resto en situación de rutina ameazada –quen seguen a súa vida cotiá–. É esta parcelación das actividades das festas a que as convirte en acontecementos opcionais, promovidos e publicados en intensidade variábel, por motivacións variadas, e segundo pautas de grupos heteroxéneos, con convocatorias que poden incluso entrar en competencia.

De xeito máis evidente en Vilanova, pero tamén facilmente distinguíbel en Tlacotalpan, este proceso inclinou a conversión do carácter sagrado da festa en funcións de entreteñimentos e goce estético. É dicir, ambas festas posúen unha consistencia máis técnica que expresiva. As actividades festivas funcionan como "atraccións" que tratan de asegurar a concurrencia. A eficacia simbólica da Candelaria e a Raigame, pasa polo entreteñimento do espectáculo. A súa maxia cífrase nun instrumental complexo de artes e técnicas que esixe aprendizaxes laboriosas (Velasco, H., Cruces, F. e Díaz, A. 1996). A distinción de papeis entre intérpretes e espectadores, pre-

sente en ambos evento, non implica, como propón Greimas, a transformación das manifesticións colectivas en estilos individuais de produción e desempeño. Non se trata dunha memoria colectiva, tradicional, descompoñéndose nunha infinidade de memorias individuais, modernas. Como se ten sinalado pola psicoloxía social, toda memoria denominada individual, é social[9], polo que máis ben se refire a modos de participación variábel que inda sendo máis ou menos distantes, remítense mutuamente, reflíctense un no outro, represéntanse un no outro e, no contexto de festa, anímanse un a outro para recreala. Así, máis que de individualizacións somos testemuñas de suxectivizacións das festas. Nelas fanse presentes a diversidade de formas en que se perfilan suxeitos sociais que poden estar previamente estruturados ou case completamente indefinidos, e que son, en todo caso, constantemente definíbeis. Proceso que se sintetiza na difusa noción de "públicos".

Resulta pois imposíbel, por se realizar en entornos de sociedades tardo modernas e plurais, que a Candelaria e a Raigame, a festa de todos os "jarochos" e a festa de todos os galegos, respectivamente –e a pesares das institucións convocantes e as crónicas periodísticas–, ofrezan imaxes de comunidades homoxéneas. Pero esta incapacidade –nunca recoñecida abertamente a risco de poñer en perigo a festa mesma como imaxe e modelo de comunidade– compénsase coa eficacia organización de "festas para todos" os públicos. Os programas de ambos eventos festivos, dispostos como "ofertas para todos os gustos" revélannos as extensións temporais e de dominios das celebracións. Na Candelaria, o día principal da festa, 2 de febreiro, perde releve entre a carreira de lanchas, os touros, as cabalgatas, o Encontro, o fandango que ten lugar dende o día 31 e sóense prolongar até o 3 ou 4 de febreiro. Na Raigame, o motivo principal da celebración, a lingua o 17 de maio, exténdese a xeito de homanaxe durante todo o ano a un dos seus intérpretes –nesta ocasión a Xoaquín Lorenzo "Xocas"– e toma as rúas e prazas de Vilanova con prácticas culturais, con actuacións simbólicas que simulan, como romaría artesanal, como festa, o reencontro coa etnia.

Os programas enumeran un conxunto de actos e acontecementos que teñen lugar en espazos dispersos pola cidade. Dispóñense focos de atracción con espazos comúns e espazos restrinxidos que facilitan a distribución da poboación en agregados relativamente controlábeis. Os actos ofrécense en secuencias pautadas: a mañá, a tarde, a noite, e en Tlacotalpan a madrugada, segundo un reparto que dá por sentada a correspondencia entre a natureza da actividade e un determinado periodo temporal, correspondente ao mesmo tempo cos ritmos de exterioridade e recollemento de distintos sectores sociais. Obviamente, un orde deste tipo é irrealizábel se se pensa nun individuo que pasa de acto en acto. Os actos tómanse como independientes entre si e como obxectos de selección por parte de grupos e individuos. Tamén, en ambos casos, os programas resultan dunha combinación de actos tradicionais e propostas máis ou menos novedosas que se adoptan seguindo modelos probados noutros lugares ou refinando experimentos anteriores que coexisten sen grandes contradicións. As festas revélanse, a este nivel, como exercicios de anacronismo tolerado (Velasco, H., Cruces, F. e Díaz, A., 1996).

En resumo, as festas programadas son algo paradóxico. O programa debe facer posíbel a opcionalidade, para que individuos e grupos dunha sociedade plural en intereses e modos de vivir atopen na festa algunha satisfacción. Pero ao mesmo tempo débese presentar de tal xeito que contrarrestre a decisión opcional de inhibirse, raxarse, cortarse, negarse a participar nela. Noutros termos, a paradoxa radica en que non é posíbel contemplar a través das festas á comunidade á que teoricamente expresan ou revelan, como tampouco é posíbel deixar de facelo. Para técnicos e organizadores das festas, poñer en práctica un modelo de sociabilidade como o da comunidade, nun contexto de diversidade, fragmentación, e autonomización aparentemente incompatíbel con ese modelo,

9. De feito, "o que se recolle nas memorias individuais son episodios sociais que se desenrolan en escenarios tamén sociais e que posúen un carácter comunicativo en que a presenza (real ou virtual) doutras persoas é o que a caracteriza" (Vázquez, F. 2001: 79-80).

Foto: Ángel Otero Moedo

En definitiva, a Candelaria 'Jarocha', a *Raigame* galega convocan a familias, parellas, grupos de pares que saen das cidades cercanas a tomarse a ponte, ou que andan de vacacións pola zona; a turistas e xubilados, fluindo polas terciaras redes de turismo folclórico; a profesionais da cultura combinando traballo e ocio; en fin, a suxeitos sociais para quen festexar o jarocho, o galego, preséntase como agregación a outros roles e pertenzas.

pasa por resolver a paradoxa mediante o recurso de programar "festas para todos", que se presenta na retórica discursiva como festa de todos.

Reflexións finais

Enfrentámonos, como nos di a nosa tradición plenamente moderna, a un Novo Mundo que esixe un novo tipo de etnografía. Até fai moi pouco, o sentido común, é dicir "popularmente", o *étnico* era concibido en termos dunha agrupación natural de homes con certas afinidades somáticas, lingüísticas ou culturais, habitantes, xeralmente, dun espazo xeográfico determinado. Tratábase de descubrir, recuperar, non poucas veces rescatar o *ethos* dun pobo, é dicir, o espírito e crenzas característicos dunha comunidade. A etnografía, entón, en tanto rama (nova metáfora naturalista) da antropoloxía cultural, estaba condeada a estudar razas e pobos dende un punto de vista analítico e descriptivo.

En dous vecindarios da aldea global, relativamente distantes e evidentemente distintos dun do outro, nos días en que se visten de festa, somos convocados polos pobos "jarocho" e galego a celebrar e recrear as súas particulares xeografías, historias, sentidos de pertenza, a súa memoria, a súa identidade, as súas prácticas simbólicas, a súa "cultura". Pero durante a festa, do que somos empiricamente testemuñas, é dun reordenamenteo temporal das convencións en que diversas institucións e grupos sociais xestionan e renova, e ás veces incluso renegocian, os termos sistémicos desa

Foto: Xoel Gómez Losada

A festa só emerxe na medida na que se supera o umbral de incertidume da opcionalidade, ao se producir a presenza masiva de celebrantes e xerarse "ambiente" festivo, "animación", *fandango, rebe, marcha* (Velasco, H., Cruces, F. y Díaz, A. 1996).

particular estrutura de mediación a partir da súa capacidade de optar entre diferentes pautacións modais de indentificación: entre comunidades diversas, entre pobos e culturas distintas. En toda práctica e acción social, e todo acto e creación humana o é, máis que suxeitos dunha soa peza, o que temos diante son axentes que teñen un traballo social específico consiste en conferir sentido ao axuste conflitivo de múltiples esferas de identificación (Díaz, A. s/f: 18).

Nun dos rituais festivos máis tradicionais do "pobo" 'jarocho' atopámonos con oaxaqueños, tabasqueños, chilangos, huastecos, cubanos, turistas extranxeiros, antropólogos, músicos. Recreándose nos seus rituais festivos ao redor das súas tradicións, o pobo galego preséntasenos como resultado do encontro de ourensáns, vigueses, madrileños, portugueses, brasileiros, gaiteiros, pandereteiras, *xente da cultura*. Teño rexistrado un grupo escocés 'jarocho'. Á cidade de Bós Aires, como a quinta provincia galega. A modernidade tardía esíxenos abandoar dunha vez por todas o vello hábito de atribución de identidades esenciais que se resolven no xogo dos etnónimos, 'jarocho', galego, categorías que carecen de sentido salvo cando funcionan como identificadores dos discursivos nativos.

Dende os esquemas insulares acerca dos pobos, as culturas, é posíbel ver calquera vecindario como unha comunidade inserta en ordes territoriais maiores que o conteñen. De Tlacotalpan cidade ao municipio, ao Estado Libre e Soberano, á República. De Vilanova á parroquia e ao Concello, da Comarca, a Provincia, da Comunidade Autónoma ao Reino. Pero nas rúas e prazas onde se realizan as súas festas, aso que nos enfrentamos son a ordes institucionais de moi diverso tipo e consistencia. As festas son financiadas por diferentes sistemas expertos en cada un desos niveis, e con elo ofrecen e reproducen un código de procedimentos e contidos que se aplican con pretensión de universidalidade. Os fondos da UNESCO para Tlacotalpan, os fondos europeos para Vilanova, indícannos en tanto ás formas en que os ordes globais relocalízanse en espazos singulares, como a heteroxeneidade das escalas de institución baixo as que é posíbel interpretar cada fenómeno local. Así, vólvese indispensábel ser sensíbeis ao rexistro de diversos ordes institucionais, escalas diversas que conflúen e se conectan onde sucede a acción dos suxeitos (Díaz, A. s/f).

Desprazándonos entre dúas festas populares, unha a cada lado do Atlántico, atopámonos con prácticas culturais diversas, distintas e distintivas, que segundo a tradición sociolóxica na que nos insertemos poden verse como manifestacións dunha soa "Cultura" – "Iberoamericana?, Hispanoamericana?" –, ou mostras de dúas Civilizacións distintas (crf. Huntington 1997). Algo similar ocorre coas "Culturas Populares", que nelas parecen representarse. Estas, ao longo da historia das nosas tradicións eurocéntricas, foron con-

cebidas como manifestacións "vulgares", "primitivas" polos "cultos" positivistas; como vehículos do "espírito dun pobo" polos románticos fronte á masificación e homoxenización impulsada pola cultura moderna; como "falsa conciencia" e, posteriormente como forma de resistencia ante as elites e a súa cultura dominante, de "masas" por sectores de esquerdas.

As etnografías contemporáneas deben ser quen de recoller e problematizar estas e outras posíbeis interpretacións que sobre as prácticas sociais realizan os seus propios protagonistas, co fin de revelalas non tanto como realidade máis ou menos obxectivas ou subxectivas, senón como construcións intersubxectivas das que se serven os axentes nas súas prácticas sociais invariabelmente insertos en tramas multisituadas. Recoñecer as institucións que encarnan sistemas expertos, as redes translocais especificamente contemporáneas, os suxeitos translocais de longa continuidade histórica, constitúen tres importantes anclaxes empíricos aos que debemos prestar crecente atención na práctica etnográfica do mundo "globalizado".

A etnografía, en canto proceso metodolóxico global que carecteriza á antropoloxía social, non pode renunciar a investigar as prácticas sociais de suxeitos concretos en contexto, e polo tanto, a levar a cabo un desprazamento e un constante extranamento que implica cruzar a diferenza cultural (Velasco, H. y Díaz, A. 1997; Díaz, A. s/f). Os etnógrafos debemos facer honor ao mellor da nosa tradición, volvendo porosas e transitábeis as fronteiras que se supoñen existentes entre as sociedades e os grupos humanos, e así propiciar o encontro co outro, con o outro, en tanto camiño para acortar os territorios do desencontro.

En recoñecemento, aquí apenas esbozado, das confluencias de imaxes de identificación, e das confluencias de temporalidades e territorios, permitirannos dar conta das múltiples formas en que os códigos de identificación, étnica, cultural, son constantemente desbordados. Entre 'jarochos' mexicanos ou escoceses, e entre galegos españois ou bonaerenses, a tarefa vólvese complexa pero apasionante. A festa está servida.

Santa Mariña de Albán, xuño de 2004

Referencias bibliográficas e fontes documentais

Diaz, A El sujeto en la corriente Reflexiones sobre el sujeto social en condiciones de globalización. UNED, Departamento de Antropología Social y Cultural, s/f.

Fidalgo. J. y Limia F., Vilanova dos Infantes, patrimonio etnográfico de una parroquia ourensana, Auria, Ourense, 2001.

Fiesta de la Candelaria, Tlacotalpan, Veracruz, Fonograma 1. El Colegio de México (COLMEX), Centro de Estudios Lingüísticos y Literarios, Seminario de Tradiciones Populares, Cátedra Jaime Torres Bodet, México, s/f.

González, X. "A Construción da identidade galega entre o século XIX o XX o papel do Folklore e da etnografía" en O feito diferenzal galego. Antropología.

vol 1. A Editorial da Historia, Museo do Pobo Galego, Santiago 1998.

Herzfeld, M., Cultural Intimacy Social poetics in the Nation-State, Routledg, New York, 1997.

Huntington, S. El choque de las civilizaciones y la reconfiguración del orden mundial, Paidos, Barcelona, 1997.

Lozano y Nathal, G. coord.: Con el sello de agua: ensayos históricos sobre Tlacotalpan. Instituto Veracruzano de Cultura, Veracruz, 1991.

RAIGAME, Xomal informativo sobre a Romaría Raigame no Día das Letras Galegas, N° 1, patrocinadores de la fiesta, 17 de mayo de 2004.

Ricoeur, P. Historia y Narratividad, Paidos, Barcelona, (1978) 1999.

Vasconcelos, J. La Raza Cósmica, Asociación Nacional de Libreros, México, 1983 (1925).

Vázquez, F. La memoria como acción social Relaciones, significados, imaginarios, Paidos, Barcelona, 2001. .

Velasco H. Y Díaz A, La lógica de la Investigación Etnográfica. Trotta, Madrid 1997.

Velasco, H., Cruces, F y Diaz, A "Fiesta de todos, fiesta para todos" en Antropología N° 11, marzo 1996. UNED, Departamento de Antropología Social, pp.: 147 - 163.

Velasco, H. "Sugerencias para una comprensión de la cultura como memoria" en Antropología, n° 8, octubre 1994.

W. AA. Migración y sociedad en la Galicia contemporánea. Instituto Español de Antropología Aplicada, Madrid, 1967.

DEBUXO E PINTURA

PRIMEIRO PREMIO - 2004

Héitor Picallo Fuentes

Tríptico etnográfico

DEBUXO E PINTURA

SEGUNDOO PREMIO - 2004

Rubén Mesa Feijóo

Os recordos

DEBUXO E PINTURA

PREMIO MENORES DE 16 ANOS - 2004

Andrea Iglesias Fernández

Na alquitara

LITERATURA

PRIMEIRO PREMIO - 2004

Cristalina López Rodríguez

Ilustracións: Heitor Picallo Fuentes

"Ficarei en Lisboa"

Miraba á dereita e á esquerda intentando adiviñar por cal das dúas direccións aparecería. Podería parecer unha tolada, so estiveran xuntos un par de veces e dúas cervexas non dan para coñecer a ninguén, pero falaran daquela cidade durante todo o tempo, imaxinándoa, percorréndoa, soñándoa, apaixonados pola súa cultura, a súa paixase, a súa historia, unha historia debuxada en versos de poetas malditos e prometeran ir, xuntos, algún día. Podería parecer unha tolada, pero…

Cando o viu aparecer na súa Yamaha negra, sorriu inevitablemente ante a expectación da xente que a observaba ó pasar fronte a ela, alí, sentada nun portal, cunha mochila pousada entre ós pes e a mirada perdida ó lonxe, nunha distancia que se ía acurtando á mesma velocidade coa que circulaba a moto.

A xente colábase entre os dous intentando romper os fíos da fantasía que teceran en soños de bar. O aire xogaba cos destelos das miradas nun intento de terxiversalas. As palabras xurdiron cunha suavidade que tremía na dozura dos seus beizos:

— ¿Ceamos en Lisboa?

As afirmacións son escusas verbais que perden o seu sentido cando os ollos confirman o inescusable. Eso debeu pensar ela porque non contestou á pregunta, ou tal vez a súa resposta fíxose irrebatible nun corpo que se ergue, nuns pasos que se acercan, nunhas mans que se aferran, no contacto da pel que transpira desexo a través dos tecidos que a afastan e que a encarcelan. A súa resposta foi evidente e a confirmación tiña forma de ruxido de motor e cheiro a carburante.

A sucesión de imaxes, de formas, de texturas mesturadas de vento, a paisaxe transformada en fotogramas illados, o contacto co seu corpo cálido e ó mesmo tempo hermético, a variación de pulsacións dun corazón que palpita baixo a armadura de



Falaran daquela cidade durante todo o tempo, imaxinándoa, percorréndoa, soñándoa, apaixonados pola súa cultura, a súa paixase, a súa historia, unha historia debuxada en versos de poetas malditos.

coiro que o protexe da frialdade do vento. Campos, casas, igrexas, árbores, cruces de camiños, todo un repertorio de postais en movemento vistas tralo obxectivo dunha cámara inexistente que rexistra a transformación das cores, mesturándoas nun encadeamento de liñas que rematan na constante do horizonte.

Por un intre desexa que non remate a viaxe, ansía quilómetros e quilómetros de asfalto, pero o aire xa cheira a un mar distinto que se filtra polas randixas do casco, a un mar novo que fala unha lingua doce, un mar cheo de acordes que brotan das olas compoñendo fados de espuma.

Aparcaron preto da Praza do Comercio, apagábase setembro e as cadeiras e mesas das terrazas apilábanse ó lado das portas das tabernas, ela insistiu en sentarse fora e o taberneiro insistiu en servilos dentro, culpando ó tempo de presentarse

Aparcaron preto da Praza do Comercio, apagábase setembro e as cadeiras e mesas das terrazas apilábanse ó lado das portas das tabernas.

cun outono apresurado. Gañou ela. De agora en adiante sempre gañaría ela. Fose como fose, non volvería a perder e fixo un imaxinable xuramente tirando a colilla ó chan e esmagando a cinsa co zapato nun xesto extremadamente masculino que, por outra banda, resolveu a discusión co dono do bar. Este levantou os brazos mentres camiñaba cara o interior nun aceno de incomprensión e asentimento que os fixo rir cunha expresión de complicidade :

— Sempre sabes o que queres ¿non si? Dixo el mentres arrimaba unha das cadeiras apiladas.

— So sei que quería sentarme fora.

Acendeu outro cigarro paseniñamente, mirando á distancia sen fixar a vista nun punto concreto, atravesando a néboa da tarde que comezaba a caer sobre a cidade. Gustáballe esa especie de manto plomizo típico das cidades do litoral. Gustáballe a bruma das mañás que alongaba o mar mais alá dos seus propios límites fundindo auga e terra nun horizonte indivisible.

Non falaron nada ata que o taberneiro chegou cunha libretiña entre as mans e un lapis por riba da orella. Aínda non lle cambiara a expresión de aturdimento que agora mesturaba cunha mirada de resignación típica dun home acostumado as rarezas dos turistas. Pediron unha cea lixeira, con viño do país e o home deixoulles sobre a mesa unha bandexa de pan e unhas cuncas con manteiga para ir abrindo boca. Quedaron sos, sen mirarse, sen falar, sen untar a manteiga no pan. Entón el comezou a recitar en voz baixa:

O nosso amor é de combate. De coragem.
O nosso amor é de saudade. De cidade.

Acendeu outro cigarro paseniñamente, mirando á distancia sen fixar a vista nun punto concreto, atravesando a néboa da tarde que comezaba a caer sobre a cidade.

Ela sorriu ó escoitar aqueles versos de Manuel Alegre, pero non se moveu, so cando decidiu continuar o poema, ollouno fixamente, mais alá das súas retinas, mais alá do mar, e sentiu a súa propia voz falar a linguaxe que lle devolvía os soños:

Amor sem casa, amor sempre em viagem.
O noso amor é esta eternidade
de passagem.

Non se decataran de que o taberneiro estaba tras deles escoitándoos coa bandexa da ensalada nas mans:

— ¿Falan portugués? Dixo cambiando a expresión inicial por unha algo mais amable.

— Non– só eran uns versos que viñeron á memoria.

— ¿Veñen para moito tempo?

— Eu sí, dixo ela. Ficarei en Lisboa.

Esa afirmación sorprendeu, non so e el que a mirou interrogante, senón a ela mesma. Pero estaba segura, tan segura como cando dixo, vinte anos atrás *"ficarei onda tí"*.

Ela prometéralle seguilo sempre, ó seu carón, nin detrás nin diante, pero el abandonouna, despois de percorrer un camiño intransitable, desolado, destructivo. Só se salvou ela, a mais débil. Parecía incrible.

Cando trasladaran o Cuartel da Garda Civil ó seu pobo ela só tiña quince anos. Suso era de Lugo e a primeira vez que o viu vestido co uniforme de gala para a inauguración do cuartel non puido reprimir un esbozo de sorpresa e admiración que tratou de agachar tras unha mal disimulada timidez. Ela era a filla do alcalde e todo era na súa vida tan sinxelo como evidente. Ata Suso. Casaron catro anos despois e tras dous anos de convivencia angustiosa na casa dos seus pais e con Miguel en brazos marcharon para ó Norde, crendo nunha liberación imposible e imperfecta.

Ela prometéralle seguilo sempre, ó seu carón, pero el colleu atallos e perdéronse. Miguel creceu sen que ninguén se decatara das pegadas que os anos deixaban na súa pel. Ela estaba sempre demasiado ocupada en non perder o maldito camiño que iniciara con Suso e Suso estaba sempre demasiado obsesionado coa supremacía do home sobre o home.

Miguel extraviábase nas rúas estreitas bombardeando con berros e consignas un pobo maltratado e ferido. Enchíase de poder e convicción con cada pintada escupida nas portas, con cada contedor queimado, con cada comercio esnaquizado, crecendo en berros, crecendo en odios, crecendo en rancores alleos e escondendo baixo unha mirada infantil o resentimento e desprezo ante un mundo que o abasallaba dende o berce cunha autoridade desmedida. Miguel decidiu loitar por detrás contra o que tiña por diante. E, cada cea familiar saldábase con varios feridos que afogaban na angustia de romper cunha guerra que non era súa.

Suso tamén se agachaba. Agachaba o medo tras unha virilidade enganosa, agachaba a incerteza tralos berros de xustiza, agachaba o desacougo tras un arma que empuñaba temeroso cando confundía ós enimigos. ¿E ela? Ela, ameazada de morte polo amor, empeñábase en ficar alí, ó carón dos seus homes, branco de balas inxustas, víctima de odios malparidos, única culpable da decadencia dunha xuventude enfermiza e dunha madurez desauciada.

Despois de cear baixaron pola rúa a pe, collidos da man. O dono da taberna faláralles dunha pensión xeitosa ó dobrar a esquina na que poderían durmir. El mirouna camiñar ó seu carón, pequena, lixeira, sinxela, cunha suavidade nos ollos da que non se decatara ata ese momento. El mirouna camiñar e pensou que, tal vez, era demasiado fermosa e, soltándolle a man, estreitouna contra o seu corpo sen parar de andar, rodeándoa co brazo. Ela admitiu que non lembraba ser abrazada dese xeito e escondeu no seu peito o frío dunha vida desamparada, como se o pasado desaparecera en cada lastro da beirarrúa, pisoteado por un presente perfecto, harmónico.

O cuarto resultou acolledor a pesar da impresión algo desolada que daba o exterior da casa. Todo estaba incriblemente limpo e marabillosamente conservado, ademais de que, dende unha das fiestras, podíase ver o mar e as luces do porto. Cansa e co corpo trasnoitado, decidiu darse unha ducha quente mentres el abría as contras do balcón deixando que o vento salgado da noite arrastrara ata o cuarto queixumes lonxanos. Arrastrou unha cadeira, serviuse un brandy do moble-bar, sentouse alzando as pernas sobre a varanda e deixouse invadir pola noite palpitante de Lisboa.

Os espellos do cuarto de baño enchéronse de vapor tan axiña que tivo a incrible sensación de

sumersirxe nun deses buratos negros onde todo desaparece de súpeto para aterrar nun espacio distinto e insólito. Aínda que ela recoñeceu de seguida o lugar no que se atopaba.

Podía recoñecer os montículos de terra que evitaba pisar cando era nena, as flores plastificadas en tarros recubertos de papel de aluminio que, coas súas amigas da infancia, xogaba a identificar segundo a forma: este era de cacao, este de café, e este … de lavabaixelas. O lugar era o mesmo tantos anos despois, e tantos anos despois, xogaba a identificar as dúas caixas idénticas, xogaba a adiviñar a maldita razón que levara a Miguel a atentar contra aquel autobús, a estúpida reacción dun neno disfrazado de home baixo o anonimato dun pasamontañas, xogaba a que era mentira, a que as caixas estaban baleiras, dúas caixas iguais.

Pero non o era, ela vira o corpo do seu fillo tirado na rúa, tapado cunha desas sabas igual cos tarros das flores, feitas con papel de aluminio, pero non tivo que xogar a identificar nada, porque Miguel seguía a ser Miguel baixo aquel inescrutable envoltorio. Non era mentira, porque ó chegar á casa descubriu o corpo de Suso derrubado sobre o sofá. Non lle cumpría malgastar outra bala, a que atravesara a Miguel unhas horas antes atravesouno a el moito antes de baleirar o cargador. E ela xogou a adiviñar quen estaba en cada caixa…ata que pensou que naquela tumba non cabía ninguén mais.

Coa toalla rodeando o seu corpo espido e mollado acercóuselle por detrás acariñándolle os cabelos docemente. El deixouse adular por aquelas mans deitando a cabeza e recibindo no rostro as gotas de auga aínda quentes que resvalaban da súa pel bañada de mares. Ela bebeu dos seus beizos o alcol rezumante do brandy. El fartouse de peitos sedentos de escuma. Ela rastrexou seu corpo ata destruír fronteiras e derrubalos límites da ansiedade. El navegou no seu ventre loitando coa marexada da paixón. E ela, nun balcón dun motel da Lisboa vella, baixo a única mirada dunha lúa enchida de buracos de tempo e co rumor dun mar que fala unha lingua doce, atopou o único lugar do que non querería fuxir.

O nosso amor é de combate. De coragem.
O nosso amor é de saudade. De cidade.

El sorriu ó escoitar aqueles versos, entón coas súas mans grandes que podían acoller o rostro dela por completo, separouna un pouco do seu peito, ollouna fixamente, mais alá das súas retinas, mais alá do mar, e sentiu a súa propia voz falar a linguaxe que lle devolvía os soños:

Amor sem casa, amor sempre em viagem
O noso amor é esta eternidade
De passagem.

So entón pensou que non sabía nada dela –dúas cervexas non dan para coñecer a ninguén– so que era pequena, lixeira, sinxela, de ollos suaves e tal vez, demasiado fermosa. O único que sabía realmente, era que ficaría en Lisboa..... quizais para sempre.

Cansa e co corpo trasnoitado, decidiu darse unha ducha quente. Os espellos do cuarto de baño enchéronse de vapor tan axiña que tivo a incrible sensación de sumersirxe nun deses buratos negros onde todo desaparece de súpeto para aterrar nun espacio distinto e insólito.

LITERATURA

SEGUNDO PREMIO - 2004

Xoán Xosé García



Está durmida. Repousa na cadeira de brazos colocada na súa esquina de sempre: na solaina.

Ilustracións de Luis Cid

Serán

Está durmida.

Repousa na cadeira de brazos colocada na súa esquina de sempre: na solaina.

(Cando eu só era unha nena, o seu oco servíame de refuxio ou de escenario –segundo fose o meu talante, o meu humor– só con que abrira ou cerrara as dúas pesadas cortinas que poden illala do comedor. Estas mesmas cortinas que agora están recollidas por dúas bandas de tea con flocos enganchadas nas manivelas metálicas que foron douradas, e que poderían volver selo unicamente con que alguén –eu, ¿quen se non?– se decidira a limpalas. ¿E para que?)

Está durmida. Como sempre, mesmo a estas horas. Son as menciñas, que a adormentan. E, como sempre, penso que non vai espertar.

(Din que están á procura dun remedio para o cancro, algo que o cure. Dino, e eu sei que o buscan. Pero tamén sei que non todo o que busca encontra. Como sei que tampouco a todo o que chama se lle abre, nin a todo o que pide se lle atende).

Separada dela pola mesa, sentindo a calor do braseiro, ó que rematei por adaptarme –como me afixen a todo, indiferentemente–, aínda que ó principio non o puidera soportar: a salvo, resgardada polos muros impenetrables das súas pálpebras, podo mirala sen que se dea conta de que o fago.

Podo mirala sen que adiviñe –a súa sensibilidade acentuouse ata case a histeria nos últimos meses– que a axexo, que agardo o final, ese final que non chega. Podo espiala sen que me pregunte con destempero qué lle miro, por qué a miro...



Coñézoa de memoria, de tanto mirala, cada unha das súas engurras, esa cor cerúlea da súa pel. Sei, unha por unha, as febras negras que lle quedan ó seu cabelo, case totalmente branco xa.

Así, a salvo, digo..., míroa. Sen présas, ata o cansazo. Coñézoa de memoria, de tanto mirala, cada unha das súas engurras, esa cor cerúlea da súa pel. Sei, unha por unha, as febras negras que lle quedan ó seu cabelo, case totalmente branco xa. A boca afundida e sen dentes, os labios sen cor. O modo de respirar, entrecortado, arfante. O peito estreito, sen relevo, que por veces semella deixar de latir baixo a descolorida tea dun vestido anticuado, pechado severamente –totalmente– nos pulsos e na gorxa, sen deixar á vista máis cás mans –tan esbrancuxadas como a cara– e maila cabeza. Sei que é *ela*; pero non *vexo* que a é.

Non experimentou ningún cambio entre onte e hoxe. É a mesma hoxe, martes, ca onte e có domingo. Pero non é a que era a semana pasada, menos aínda cá de hai un mes. E se comparo a súa aparencia de agora coa que tiña hai un ano, cando me fixo regresar –aquel telegrama, como unha orde–, dáme a impresión de que non son doce meses, senón doce séculos, os que desde entón pasaron por ela.

E por min.

Pecho o libro, deixando un dedo entre as súas follas. Observo, distraída, a cuberta. Unha rapaza coida-

dosamente debuxada. Atractiva, o cabelo curto; a expresión, desdeñosa. Os labios, violentamente vermellos; un xersei branco cinxíndolle os peitos, marcándollos. Tras dela asoma a cara dun home que parece perplexo. Quizais é só porque lle puxeron un ollo máis grande có outro. Leo o título –*Sonata de amor*– e pregúntome de qué tratará.

Non quero dicir exactamente iso. Sei de sobra que todas estas novelas son iguais, pero non teño nin idea de cáles son os camiños por onde nesta obrigan os protagonistas a desembocar no esixido final feliz. A pesar de que –doume conta ó poñer unha sinal onde puxen o dedo, onde interrompín a lectura– levo o libro máis ca mediado. Porque non leo. Devoro calquera novela para poder, á vez que o fago, pensar sen que ninguén –ela– advirta que o estou a facer. Pensar: atormentarme. Para poder escapar lonxe e imaxinar que son libre de novo, e agora por completo e para sempre. Afúndome nestes libros do mesmo xeito en que ela se abstrae no vidro da súa solaina, asomada a ela como á pantalla dun televisor ou dun cine: para mira-la vida, que pasa, sen que ela, desde a súa cadeira de brazos, poida intervir para modifica-lo guión, o seu final; nin sequera o decorado no que a función ten lugar: esta praza, á que dan as nosas fiestras.

Semella a praza dun barrio periférico dunha gran cidade. Circular. Grande. Descoidada. Sucia. Plantaron un xardín cando construíron a nova barriada –un conxunto de bloques uniformes, todos iguais por dentro e por fóra; e mesmo a xente que vive neles parece uniformada: sae e entra ás mesmas horas e ós mesmos sitios e ás mesmas cousas; e todos rin igual, cando rin–,

Pecho o libro, deixando un dedo entre as súas follas. Observo, distraída, a cuberta. Unha rapaza coidadosamente debuxada. Atractiva, o cabelo curto; a expresión, desdeñosa. Os labios, violentamente vermellos; un xersei branco cinxíndolle os peitos, marcándollos. Tras dela asoma a cara dun home que parece perplexo.



E agora, onde as houbo só hai terra –inútil, de ninguén– e papeis que o vento move sen levalos, e pegadas de cans e de nenos. Os bancos seguen aí. Por riba deles pasou o tempo e a chuvia –a chuvia pasou tamén polas fachadas das casas, destinxíndoas–, e a sucidade.

puxeron uns bancos. Do xardín non queda nada. A xente –non só os nenos– foino asolando ós poucos, implacablemente, sen piedade, desde o primeiro día. Era coma se as flores, as plantas, o seu olor, lles molestasen. E agora, onde as houbo só hai terra –inútil, de ninguén– e papeis que o vento move sen levalos, e pegadas de cans e de nenos. Os bancos seguen aí. Por riba deles pasou o tempo e a chuvia –a chuvia pasou tamén polas fachadas das casas, destinxíndoas–, e a sucidade. Non, a sucidade non pasa. Fica neles, vainos escurecendo; o mesmo que se quedan os velliños da vila ata que o sol marcha.

Gústame mirar na praza cando é noite. Ou de madrugada, mellor. Cando ela está xa deitada e se queixa, e non dorme nin deixa durmir. Cando o efecto das menciñas pasou e aínda non é tempo de darlle a seguinte dose, inda que a pida. Mira-la praza, sen velliños, sen nenos, sen que ninguén a cruce; sen vento que axite os papeis. Sen ruídos, apenas sen luz, porque os farois –uns brazos atormentados, aparafusados ás fachadas– están absurdamente afastados do centro, do que quixo ser xardín e acabou en páramo.

Véxoa desde detrás deste vidro, o seu. Desde onde agora estou eu. Pero agora non miro –como ela o faría de non durmir– a praza. Mírome a min mesma. O meu reflexo. A sombra difusa dunha cara, coma se eu fose aínda un ser en formación, cando son todo o contrario. Estoume consumindo, como din que ela se consome. Mais é ela quen está doente, non eu. Ela é vella e viviu; foi amada, casou, tivo fillos... e eu son nova aínda e estou baleira. Ninguén me amou, a ninguén amei; ningún fillo golpeou a porta do meu ventre esixindo que lle abrise camiño cara á vida. E se engado *aínda* cando digo –ou penso– que son nova é porque sei que en realidade non o son. E

Búscome no espello do vidro. Non quero verme no outro, no do baño. Seime de memoria, tamén, o meu cabelo, liso e cortado pola miña man, caído a ámbolos lados da cara.

dígome a min mesma que cando isto remate –se é que remata algunha vez– terei que vivir ás présas se quero aproveita-los poucos anos de relativa xuventude que me queden *logo*.

Búscome no espello do vidro. Non quero verme no outro, no do baño.

Seime de memoria, tamén, o meu cabelo, liso e cortado pola miña man, caído a ámbolos lados da cara. Como o dunha monxa ou o dunha meiga condenada á fogueira. Coñezo de memoria a miña cara pálida –case o está tanto como a dela–, os meus labios, infinitamente descoloridos. As miñas fazulas afundidas...

Volvo á miña cadeira, déixome caer nela cun suspiro. Cánsame estar de pé. Ás veces penso que, de andar tan pouco, as pernas están a atrofiárseme.

(Saio pola mañá cedo. Como fuxindo do sol, da xente. Un intre, uns minutos: o preciso e nada máis. Á panadería, ó mercado, á tenda... Sempre apresada. Deslizándome como unha sombra, cunha ansia infinita de volver ó piso, ó meu cubil... E subo, e entro, e búscoa... cunha obsesión desolada, ferinte, que me avergoña, que me enche de remorsos, pero que non podo deixar de sentir. A obsesión de que calquera día, cando volva –neses minutos nos cales estou fóra podería acontecer, e todo sería así máis dramático–, ela, miña nai, estea morta. E quedo todo o día aquí, nesta casa antiga –a partir dela construíron a nova barriada, que foi moito tempo como o fin da vila, e do outro lado da solaina só había campo–, cercada polas paredes e acosada polos mobles, présa dun desacougo infindo por recoñecerme orfa sen ese vulto que aínda respira...

Ás veces penso –pénsoo aínda que sei que non é verdade– que non está tan enferma como me quere facer crer. Que finxe para poder terme ó seu carón, ó pé da súa cadeira de brazos como un can; para obrigarme a permanecer aquí, como me obrigou a regresar, apoiándose na súa doenza, cando eu xa tiña a miña vida feita lonxe de aquí e dela, e era libre e independente. Unha carta de cando en vez –podes conta-lo que che apeteza e cala-lo resto, porque ninguén verá os teus ollos mentres a le, e ninguén saberá, ó non velos, se es feliz ou sofres, se mentes ou es sincera–, unha parte do soldo xirada mensualmente para axudala a vivir... Rexeitando, aínda que ela non o soubese, calquera posibilidade de traslado, de regresar onda ela, unha vez que souben o que era abri-las ás e me decidín a voar... Sen querer pararme a pensar que estaba soa, pretendendo xustifica-lo meu egoísmo perante min mesma, asegurándome que estaba forte, que podía valerse por si mesma e sen axuda; que aínda podería, durante anos...

(E de súpeto aquel telegrama).

Hai agora un silencio tremebundo que parece poboado de berros mudos. Un silencio espeso, estraño, desacougante..., distinto. ¿Será...? ¿Será xa...?

Teño medo de mirala, de saber... Volvo a cabeza devagar cara onde ela está, ou estaba; érgoa paseniño, sentindo as vértebras do pescozo endurecidas, tirantes, coma se fosen romper ou me quixeran impedir que o fixese...

Moi amodo, os meus ollos atrévense a fixar nela a mirada...

E baten cos seus, abertos, cravados en min. E vén a súa voz feble, temerosa, que me golpea:

–¿Que foi, nena?

Doulle as costas para que non vexa que os ollos se me enchen de bágoas. Graciñas, Nosa Señora.

Doulle as costas para que non vexa que os ollos se me enchen de bágoas. Graciñas, Nosa Señora.

Alba Cid Fernández

Lembranzas do ser

Ollei o seu cabelo branco
co mesmo brillar da neve,
mentres nos seus ollos escintilaba
un fulgor plagado de ilusión.

Comezou a falar quedo,
con misteriosa dozura,
enlazando verbas que fluían
da caudalosa fonte do corazón:

"Onte desenterrei, pequeno,
a arca das auténticas lembranzas do ser,
e asegúroche que pampo quedarías
se viras todo o que eu alí puiden ver:

Como ave fénix que
das propias cinsas renace,
atopei nos recónditos recunchos da alma,
a verdadeira identidade.

O fermoso traxe dos domingos,
daquel pequecho con gañas de medrar.
A verbena das festas, xa bo mozo e
as tardes onda o muíño a cantar.

A novidade de acompañar ó pai e
ser testemuña do seu regateo na feira.
Os soños, cavilacións e díxome-díxome da aldea.
¡Mil contos tramados a carón da lareira!

Historias que nacían mesmo no maxín,
crepitando logo no lume do fogar.
Lendas, fermosas cantigas que morreron
cando a electricidade nos veu acompañar.

E a avoa, sempre tendendo unha man
dilixente á miña sabia nai no tear.
Entrecruzando con tino vistosos fíos e
Pensamentos... ¡eran as mellores tecelás do lugar!

O avó, eternamente sentado naquel banco,
despois de toda unha vida de cesteiro.
Murmuriando cousas na súa verba,
coa axuda do burro, a coitela e os ferros.

Arrolado por rebuldeiros risos e bailes,
chegou leda a miña mocidade.
Con ela, veu o traballo de carpinteiro e
o soño de medrar nunha gran cidade.

Eran aquelas ansias de voar,
estender as ás á inconmensurable liberdade.
Falsas arelas dun mundo propio,
tapizado de riquezas, onde reinaba a vaidade.

As miñas bágoas de prata e cristal,
formaron enfiadas elas, un extenso mar.
Nel, un triste barco adormecía,
un barco nomeado "emigrar".

Outra terra, outros costumes...
América foi, o meu segundo berce.
Descubrir só, que neste mundo
nada é o que primeiro parece.

A morriña dunha Galicia viva,
as ilusións no peito cantareiras.
Cartas por avión, viaxes en barco,
o esquecemento, facéndome as beiras.

Ben din que na vida de todo galego,
un especial sino hai:
Non o poden separar da súa terra,
nin arrincar dos mesmos brazos da súa nai.

Con algúns cartos no peto,
moitas canas e moreas de sentimentos,
volvín, como a clara auga volta ó mar,
como anduriña, ó rematar o inverno.

Un bo e vello amigo do meu pai,
ensinoume entón, o oficio de canteiro.
Xunguido así, ó sempiterno material...
fun deixando marcas polo mundo enteiro.

E alí en Celanova, na mesma terra onde nacera,
busquei tamén enterramento...
sen deixar de colocar denantes os meus soños,
que hoxe, son luceiros no firmamento.

Como aquel que canta á tristura,
como a ironía que chora calada...
Quero hoxe sorrir docemente,
vendo como a miña chama se apaga.

E perdoen vostedes a nostalxia,
a cortina de bágoas desta poesía...
Se lle digo que tento consolar a soidade...
¿alguén de vostedes me comprendería?

Cantar outra vez a Galicia,
ó meu primeiro amor: ¡a emigración!
Cantar ó esquecemento, cantar cen lembranzas,
¡Facer destas verbas a derradeira oración...!"

FOTOGRAFÍA

PRIMEIRO PREMIO - 2004

Rubén Vilanova Romero

FOTOGRAFÍA

SEGUNDO PREMIO - 2004

Encarnación Osorio Montenegro



17 de maio, Vilanova dos Infantes, Celanova

III

Romaría Etnográfica Raigame



Raigame

DEPUTACIÓN OURENSE
CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
XOCAS